XUNTA DE GALICIA

Cofinanciado pola Unión Europea

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

PROXECTO CONSTRUTIVO DE:

PROXECTO DE CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA DE CAMIÑOS PRINCIPAIS E ACCESO A PREDIOS NA ZRP DE VAL DE CAMBA

CONCELLO DE:

(RODEIRO - PONTEVEDRA)

TOMO I DE II

MEMORIA E ANEXOS Á MEMORIA

PRAZO E ORZAMENTOS:		
	Prazo:	24 Meses
	Base Impoñible:	1.976.311,49 €
	21% I.V.E.:	415.025,41 €
	Base de Licitación:	2.391.336,90 €

O AUTOR DO PROXECTO: D. Alberto J. Fernández Conde
Enxeñeiro Agrónomo

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.
Alberto J. Fernández Conde C.O.I.A.G col. 595

DATA: **ABRIL 2025**

Ref: 06XA25001

TOMO I DE II – ÍNDICE XERAL
MEMORIA E ANEXOS Á MEMORIA

DOCUMENTO Nº1 – MEMORIA

ANEXOS

1- Memoria ambiental
2- Topografía
3- Trazado
4- Hidroloxía e drenaxe
5- Xeoloxía
6- Movemento de terras
7- Estruturas
8- Programa de traballo
9- Clasificación do contratista
10- Xustificación de prezos
11- Estudio de seguridade e saúde
12- Xestión de residuos
13- Autorizacións e permisos
14- Cumprimenta da DIA
15- Mellora de acceso a predios
16- Presuposto para coñecemento da administración
17- Análise presupostario

TOMO II DE II – ÍNDICE XERAL
PLANOS, PREGO E PRESUPOSTO

DOCUMENTO Nº2 – PLANOS

1. Situación e índice
2. Emprazamento
2.1. Emprazamento Camiños Principais
2.2. Emprazamento Camiños Secundarios
2.3. Emprazamento Mellora de acceso a predios
3. Zonas de protección
3.1. Afeccións Patrimonio
3.1.1. Afeccións Patrimonio Camiños Principais e secundarios
3.1.2. Afeccións Patrimonio Mellora de acceso a predios
3.2. Afeccións Medioambiente
3.2.1. Afeccións Medioambiente Camiños Principais e secundarios
3.2.2. Afeccións Medioambiente Mellora de acceso a predios
3.3. Afeccións Augas
3.3.1. Afeccións Augas Camiños Principais e secundarios
3.3.2. Afeccións Augas Mellora de acceso a predios
3.4. Afeccións Estradas
3.4.1. Afeccións Estradas Camiños Principais e secundarios
3.4.2. Afeccións Estradas Mellora de acceso a predios
4. Plano taquimétrico
5. Plano de planta das trazas
5.1. Plano de camiños principais
5.2. Plano de camiños secundarios
6. Plano de explanación
7. Plano de perfís lonxitudinais
8. Plano de perfís transversais
9. Plano de seccións tipo
10. Detalles

DOCUMENTO Nº3 - PREGO DE CONDICIÓNS

DOCUMENTO Nº4 – PRESUPOSTO

MEDICIÓNS

Medición xeral

CADROS DE PREZO

Cadro de prezos nº1

Cadro de prezos nº2

PRESUPOSTOS PARCIAIS

Presupostos parciais

RESUMO DO PRESUPOSTO

XUNTA DE GALICIA

Cofinanciado pola Unión Europea

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

MEMORIA

ÍNDICE DA MEMORIA

1 ANTECEDENTES 1
2 LEXISLACIÓN E NORMATIVA DE APLICACIÓN 1
3 DESCRICIÓN DA ZONA 2
3.1 Usos do chan 4
3.1.1 Agrícola (fonte: SIGA) 4
3.2 Actividades económicas 5
3.3 Sistema de comunicacións 5
4 XUSTIFICACIÓN E OBXETO DO PROXECTO 6
5 DESCRICIÓN DAS OBRAS 7
5.1 Camiños secundarios e mellora de camiños principais 7
5.1.1 Tráfico previsto, velocidade de proxecto e elementos de xeometría 7
5.1.1.1 Dimensións 7
5.1.1.2 Bombeo 9
5.1.1.3 Cunetas 9
5.1.1.4 Radios das curvas horizontais 9
5.1.1.5 Pendentes máximas 9
5.1.1.6 Cambios de rasante 10
5.1.2 Localización, datos básicos e características xerais dos camiños proxectados. 10
5.1.2.1 Movemento de terras 12
5.1.2.2 Afirmado 13
5.1.2.3 Obras de fábrica. 13
5.1.2.4 Muros de pedra 14
5.1.2.5 Sinalización 14
5.1.2.6 Varios 14
5.2 Mellora de acceso a predios 14
5.2.1 Execución de ramplas de acceso 14
5.2.2 Estendido de cordóns de terra 14
5.2.3 Recheo de vellas corredoiras 14
6 XEOLOXÍA E XEOTECNIA 15
7 MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS 15
7.1 Espazos naturais. 15
7.2 Patrimonio Histórico-Artístico 16
8 SEGURIDADE E SAÚDE 16
9 NORMAS CONSTRUCTIVAS 16
10 PREZOS 16
11 REQUISITOS ADMINISTRATIVOS 16
11.1 Xustificación de obra completa 16
11.2 Autorizacións administrativas 17
11.3 Prazo de execución 17
11.4 Clasificación do contratista 17
11.5 Prazo de garantía 17
12 DOCUMENTOS DO PRESENTE PROXECTO 17

13 PLANOS 18
14 PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TECNICAS PARTICULARES 18
15 ORZAMENTO 18
15.1 Medicións 18
15.2 Cadros de prezos 18
15.3 Presupostos 18

PROXECTO DE:

PROXECTO DE CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA DE CAMIÑOS PRINCIPAIS E ACCESO A PREDIOS NA ZRP DE VAL DE CAMBA

(RODEIRO - PONTEVEDRA)

1 ANTECEDENTES

A concentración parcelaria da zona de VAL DE CAMBA (RODEIRO – PONTEVEDRA) foi declarada de utilidade pública, de interese social e urxente execución polo Decreto 207/2008, do 4 de Setembro, publicado no D.O.G. nº 181 do 18 de Setembro de 2008.

En data do 1 de marzo de 2022 (DOG 21/03/2022) aprobouse o Proxecto de Acordo da zona de reestruturación parcelaria de Val de Camba (Rodeiro Pontevedra)

Na actualidade a Consellería de Medio Rural encarga a **ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.** a redacción do presente proxecto de: "PROXECTO DE CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA DE CAMIÑOS PRINCIPAIS E ACCESO A PREDIOS NA ZRP DE VAL DE CAMBA (RODEIRO - PONTEVEDRA)"

2 LEXISLACIÓN E NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que se establezan para a contratación desta Obra.
- Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de obras do Estado, segundo Decreto 3854/1970, do 31 de decembro.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tubos de abastecemento, segundo Orde do 28 de xullo de 1974.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tubos de saneamento, segundo Orde do 15 de setembro de 1986.
- Instrución para a Recepción de Cementos (RC-16), segundo Real Decreto 256/2016, do 10 de xuño.
- IAP-11 Instrución sobre cargas a considerar no proxecto de pontes de estrada.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes (PG-3/75), segundo Orde de 6 de febreiro de 1976.
- Instrución de Formigón Estrutural (EHE), segundo Real Decreto 2661/1998, de 11 de decembro, modificado polo Real Decreto 996/1999, do 11 de xuño.
- Real Decreto, do 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.
- Regulamento electrotécnico para baixa tensión (Decreto 842/2002).
- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

- Regulamento dos servizos de prevención.
- Regulamento sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de Construción. (Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, B.O.E. 25-10-97)
- Real Decreto 105/2008 polo que se regulan a produción e xestión de residuos de construción e demolición
- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados
- Estatuto dos traballadores
- Convenio colectivo Provincial da Construción
- Plan urbanístico vixente
- Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

Todos estes documentos obrigan na súa redacción orixinal cas modificacións posteriores, declaradas de aplicación obrigatoria, a que se declaran como tales durante o prazo de execución das obras desta memoria.

Será responsabilidade do contratista coñecelas e cumprilas, sen poder alegar en ningún caso que non se lle fixera comunicación explícita ó respecto.

Ademais, teranse en conta as seguinte normas construtivas:

- Como norma xeral, adóptanse noiros en desmontes e terrapléns de pendente 1/1 e 3/2, respectivamente. Nas zonas de materiais duro poderase realizar un noiro de desmonte 1/2.
- Os terrapléns executaranse por tongadas de espesor acorde coa maquinaria a empregar para alcanzar a densidade esixida, debendo ser consolidada cada tongada antes de engadir a seguinte.
- A capa vexetal superficial, non será utilizada para a compensación de terras e verterase fóra dos límites da área de explanación do camiño e estenderase sobre as leiras colindantes en época fora de cultivo ou empregarase na rexeneración de noiros.
- Os formigóns executaranse coa resistencia característica que figura nos cadros de prezos e estado de medicións.
- A apertura de gabias en cada camiño, deberá realizarse inmediatamente logo da explanación do camiño en cuestión, ó obxecto de defendelo de posibles asolagamentos debidos ás augas superficiais.
- Respectarase na medida do posible a vexetación de ribeira e no caso dos camiños no entorno dos cauces fluviais os restos do desbroce e a terra vexetal se copiarán na marxe contraria ao cauce.
- A contrata deberá axustarse estritamente aos prazos parciais e total de execución das obras que figuran no Prego de Condicións Administrativas de contratación que rexe para o Proxecto.
- A efectos da súa medición e abono, corresponde á Dirección das Obras catalogar todo o que expresamente non estivese establecido no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, para o que regularase polas normas contidas na lexislación vixente aplicable a este tipo de obras.

3 DESCRICIÓN DA ZONA

O perímetro da zona a concentrar emprázase no leste do Concello de Rodeiro, abranguendo unicamente parroquias de dito municipio, e está formado polas parcelas incluídas nos planos parcelarios correspondentes.

O Concello de Rodeiro atópase no nordeste da provincia de Pontevedra, exercendo como límite xeográfico coa provincia de Lugo e tamén moi preto da fronteira con Ourense.

A distancia de dita zona á capital da provincia (Pontevedra) é de 130 quilómetros, sendo outros 4 quilómetros os que a separan do Concello ao que pertence.


Os límites desta zona son os seguintes:

NORTE: Parroquias de San Cristovo da Portela e Santa Mariña de Pescoso

SUR: Parroquias de San Paio de Senra e San Martiño de Asperelo

LESTE: Concello de Chantada

OESTE: Parroquias de San Cibrao de Negrelos, San Miguel de Riobó e San Vicente de Rodeiro.



A superficie a concentrar é de 1.854 Ha, o número total de parcelas é de 7.529, pertencentes a 722 propietarios (10,5 parcelas por propietario) cunha superficie media por parcela de 2463 m².

O municipio de Rodeiro esténdese aos pés da Serra do Faro, limitando cos concellos de Chantada, Taboada, Antas de Ulla, Agolada, Lalín, Dozón, Piñor, San Cristovo de Cea e Carballedo.

A súa superficie é de 154,91 quilómetros cadrados e a súa poboación ascende a 2.260 habitantes (dato do IGE 2023).

As estradas que vertebran o concello son a PO-212 e a PO-533 que conectan Rodeiro cos municipios veciños de Agolada e Lalín.

DATOS DE POBOACIÓN

	Ano 2023		
	Poboación	Homes	Mulleres
ÁLCEME (SANTA MARÍA P.)	136	72	64
ARNEGO (SANTIAGO A.)	110	58	52
ASPERELO (SANTIAGO A.)	148	72	76
AZ (SAN CRISTÓBAL A.)	103	50	53
CAMBA (SAN JUAN A.)	**105**	**56**	**49**
CAMBA (SAN SALVADOR P.)	89	40	49
CAMBA (SANTA EULALIA P.)	**84**	**45**	**39**
CARBOENTES (SAN ESTEBAN P.)	168	86	82
FAFIÁN (SANTIAGO P.)	**66**	**32**	**34**
GUILLAR (SANTA MARÍA P.)	128	67	61
NEGRELOS (SAN CIPRIÁN P.)	116	57	59
PEDROSO (SAN JULIÁN P.)	79	40	39
PESCOSO (SANTA MARIÑA P.)	126	55	71
PORTELA (SAN CRISTÓBAL P.)	52	22	30
RÍO (SANTA MARÍA A.)	**106**	**57**	**49**
RÍRIOBÓ (SAN MIGUEL A.)	30	12	18
RODEIRO (SAN VICENTE P.)	416	219	197
SALTO (SAN ESTEBAN P.)	97	47	50
SENRA (SAN PELAYO P.)	23	13	10
VILELA (SANTA MARÍA A.)	78	42	36

As parroquias dentro do contorno da ZCP supoñen o 15,97% da poboación do Concello de Rodeiro.

3.1 Usos do chan

3.1.1 Agrícola (fonte: SIGA)


O termo municipal de Rodeiro reparte a súa superficie rural entre distintos aproveitamentos forestais e agrícolas.

CONCELLO DE Rodeiro original	
Uso y Sobrecarga	**Superficie (Ha)**
Agua (masas de auga, balsas,etc..)	19,85
Coníferas	520,10
Coníferas asociadas con Eucalipto	7,85
Coníferas asociadas con otras frondosas	1286,56
Eucalipto	0,22
Improductivo	305,11
Labor en secano	6855,64
Matorral	4322,59
Matorral asociado con coníferas	90,73
Matorral asociado con coníferas e frondosas	842,45
Matorral asociado con frondosas	290,68
Outras frondosas	701,29
Pastizal	4,76
Pastizal-Matorral	8,45
Prados naturaleis	286,45
SUPERFICIE TOTAL	**15.542,73**

3.2 Actividades económicas

A distribución da poboación ocupada é a seguinte:


SECTOR	TRABALLADORES	%
Agricultura	390,00	42%
Industria	141,00	15%
Construción	51,00	5%
Servizos	357,00	38%



3.3 Sistema de comunicacións

As principais estradas do concello son:

TITULARIDADE	CODIGO	NOME	CATEGORÍA
CAU	PO-212	Agolada (N-640) - Rodeiro (PO-533)	Primaria complementaria
CAU	PO-533	Lalín - Alto do Faro	Primaria básica
DIP	EP-6201	Rodeiro-Vilela	Deputación
DIP	EP-6202	Rodeiro-Oseira	Deputación
DIP	EP-6203	Negrelos-Pedroso	Deputación
DIP	EP-6204	Portela-Antas de Ulla	Deputación
DIP	EP-6205	San Salvador-O Salto	Deputación
DIP	EP-6206	A Portela-Pescoso	Deputación



Destas estradas, as únicas que se atopan no entorno da zona son a estrada provincial EP-6201 e estrada primaria básica titularidade da Xunta de Galicia PO-533

4 XUSTIFICACIÓN E OBXETO DO PROXECTO

Segundo a LEI 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia o proceso de reestruturación parcelaria comprende as seguintes fases:

a) Bases de reestruturación parcelaria.
b) Acordo de reestruturación parcelaria.
c) Acta de reorganización da propiedade.

No procedemento de reestruturación parcelaria tamén se inclúen as seguintes actuacións complementarias e necesarias para o seu desenvolvemento:

a) A preparación dos planos parcelarios cartográficos.
b) A elaboración do documento ambiental previo e do estudo de impacto ambiental, se é o caso.
c) A elaboración do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

d) A elaboración do plan de obras.
e) A implantación dos predios de substitución.
f) A inmatriculación rexistral destes

Dentro do Plan de Obras se atopan incluídas as redes de camiños principais e secundarios, para dotar de acceso, se é o caso, os novos predios de substitución.

Froito do Proxecto de Acordo de Reestruturación da Zona de Val de Camba xurde a necesidade de executar pequenos treitos de camiños secundarios co obxecto de por en servizo a zona.

Debido o tempo transcorrido dende a execución da rede principal esta se atopa en mal estado debido especialmente á acción do auga de escorrenta e a mala conservación das cunetas. Por este motivo contémplase labores de mantemento, conservación e mellora da capacidade portante da capa de rodaxe de diversos camiños pertencentes a rede principal.

O obxecto do presente Proxecto é a definición e cuantificación económica das obras necesarias para levar a cabo as actuacións referentes a:

Dotar de axeitado servizo aos novos predios de substitución, o acondicionamento de camiños existentes ou apertura de novos camiños que permitan a circulación en boas condicións de seguridade viaria aos usuarios.

O trazado en planta e ocupacións dos novos camiños secundarios que se contemplan no presente Proxecto son os definido polo Proxecto de Acordo da presente ZRP.

5 DESCRICIÓN DAS OBRAS

5.1 Camiños secundarios e mellora de camiños principais

5.1.1 Tráfico previsto, velocidade de proxecto e elementos de xeometría

O tráfico previsto na zona é de moi escasa magnitude. O concepto de IMD descrito na norma vixente sobre seccións de firme aprobada polo MOPU pode non adaptarse ás características dos camiños rurais. Nela descríbese a mínima categoría de tráfico coma T42 (IMDp <25) que nos casos de camiños de concentración parcelaria é un valor demasiado elevado.

Por outra parte, a velocidade base de proxecto, que é a máxima que pode ser mantida por un vehículo illado de forma continuada en condicións de seguridade en cada tramo do camiño cando as únicas limitacións veñen impostas polas características xeométricas deste, foi determinada en función da morfoloxía da zona e do tráfico previsto. No noso caso, e considerando que nos encontramos nun terreo de ondulado a montañoso e con IMD inferiores a 25 veh/dia tomouse esta de 40 km/h. (segundo a AASHO e E. Del Barrio).

Tras determinar os valores aproximados da IMD e da velocidade de proxecto, determinouse a sección de firme que mellor se adapta ás características dos camiños sendo esta tamén resultado do froito da experiencia.

5.1.1.1 Dimensións

En canto a anchura dos camiños, séguense os criterios establecidos na táboa 3.1.1 do libro Camiños Rurais (R. Dal-Re) e os establecidos pola reserva de espazo determinado polo proxecto de Acordo da ZRP:

Anchura	Camiños principais		Camiños secundarios		Camiño Terminal
	Ancho mínimo (m)	Ancho máximo (m)	Ancho mínimo (m)	Ancho máximo (m)	Ancho único *(1)*
Firme	5	6	4	5	3
Total	7	8	6	7	5

(1) Con raquetas terminais para facilitalo cambio de sentido

A rede de camiños principais sobre a que se vai a actuar ten unha lonxitude de 22.782,64 m todos presentan unha anchura da capa de rodaxe de 5 m. a excepción do camiño C-4-9 que ten 10 m., o camiño S-10-4 que ten 4 m e parte do C-5-2 tamén ten 4 m.

Os camiños da rede secundaria teñen unha lonxitude total de 4,04 Km. e presentan distintas anchuras medias da capa de rodaxe:

ANCHURA MEDIA CAPA DE RODAXE	LONXITUDE TOTAL
1,5	17,18
3	805,22
3,5	552,68
4	2.238,34
4,75	20,80
5	373,27
6,25	32,61
Total l	**4.040,10**

CAMIÑO	ANCHURA MEDIA DA CAPA DE RODAXE	LONXITUDE
CS-1	3,5	155,35
CS-2	3,0	179,74
CS-3	3,0	180,89
CS-4	3,0	92,68
CS-5	3,0	57,03
CS-6	3,0	162,49
CS-7	4,0	186,00
CS-8	4,0	337,42
CS-8-1	4,0	116,68
CS-9	4,0	161,58
CS-10	4,0	257,54
CS-11	4,0	32,44
CS-12	4,0	62,26
CS-13	4,0	294,88
CS-13-1	4,0	212,27
CS-14	4,0	364,76
CS-15	4,0	92,26
CS-16	3,0	63,13
CS-17	3,5	14,33
CS-18	5,0	150,41
CS-19	4,75	20,80
CS-20	4,0	42,87
CS-21	3,5	82,55
CS-22	3,5	300,45
CS-23	1,5 *(1*)*	17,18
CS-24	5,0	123,43
CS-25	3,0	69,26
CS-26	5,0	99,43
CS-27	4,0	51,65
CS-28	4,0	25,73
CS-29	6,3	32,61

(1) Trátase dunha actuación que consiste na execución dunha cuneta revestida de seguridade*

5.1.1.2 Bombeo

O bombeo ou pendente transversal favorece a conservación do firme ao facilitar a evacuación da auga de chuvia cara ás cunetas evitando que penetre nel. En camiños con dous carrís, o bombeo farase cara a ambos os dous lados da plataforma, e en camiños dun so carril optarase por esta solución ou por ter inclinación única dependendo dos casos.

A pendente transversal a dar ao camiño depende de varios factores, como a rugosidade do pavimento, o pluviometría da zona, o tráfico, etc., pero sobre todo do seu pendente lonxitudinal. Aconséllase que a pendente transversal se calcule unicamente en función do seu pendente lonxitudinal.

Os valores límite que non deben superarse son:

- Mínimo: 1,5% (para facilitar a rápida evacuación da auga)
- Máximo 3% (para asegurar a circulación de vehículos)

Sobre a base da experiencia e a facilidade construtiva utilizarase un bombeo mínimo do 2% constante en todos os camiños que asegurará a circulación das augas cara á cuneta e a circulación segura dos vehículos.

5.1.1.3 Cunetas

As cunetas de proxecto, como norma xeral, serán en terra e terán una anchura de 1 m e 0,5 m. de profundidade dende a cota da capa de rodaxe.

5.1.1.4 Radios das curvas horizontais

Os radios de curvatura quedan limitados polo trazado definido no Proxecto de Acordo da presente ZRP.

Como norma xeral, se intenta que o radio mínimo sexa de 40 m., pero este se verá reducido en zonas puntuais por:

- En camiños onde se aproveiten antigos trazados
- En treitos para evitar grandes desmontes ou terrapléns
- Para evitar afeccións a muros ou edificacións

5.1.1.5 Pendentes máximas

Aínda que se poden presentar casos moi particulares nos que poida superarse o 8% de pendente, non é conveniente que se proxecten os camiños rurais con pendentes superiores. Se ben os tractores con remolque poden subir por camiños con pendentes maiores, a baixada con carga no remolque pode ser sumamente perigosa, sobre todo en días de chuvia nos que o firme se fai escorregadizo. O enganche do tractor co remolque é xeralmente articulado sobre un eixe, e un deslizamento lateral do remolque, cuxa probabilidade aumenta coa pendente, pode provocar situacións graves non desexadas.

Non obstante, e para evitar grandes movementos de terras, facilitar o posterior accesos aos predios de substitución e dado que a zona de ocupación atópase limitada polo Proxecto de Acordo da ZRP, poderá superarse a cifra citada, alcanzando ata o 20%, pero en tramos curtos e intermedios, ata 250 m., pero sempre con pendentes menores nos tramos anterior e posterior.

5.1.1.6 Cambios de rasante

Nos cambios de rasante, con paso dunha pendente a outra de distinta magnitude, e con igual ou diferente signo, proxectaranse curvas verticais, co obxecto de evitar o efecto de despegue ou de choque, o que facilitará ademais a visibilidade.

Os acordos faranse con curvas de trazado circular, cos seguintes ratios, sempre que sexa posible(*):

$R_{cx} > 0{,}2 \cdot V^2 = 0{,}2 \cdot 40^2 = 320$ para acordos convexos

$R_{cv} > 0{,}1 \cdot V^2 = 0{,}1 \cdot 40^2 = 160$ para acordos cóncavos

(*) Nalgúns casos no é posible o cumprimento destes criterios pola necesidade de adaptarse ao terreo ou pola reducida lonxitude do camiño.

5.1.2 Localización, datos básicos e características xerais dos camiños proxectados.

A localización, datos básicos e características xerais dos distintos camiños, atópanse recollidas e especificadas nos planos e anexos dos presente proxecto.

A lonxitude total dos camiños proxectados na rede de camiños secundarios é de **4.040,10 m**.

A rede de camiños principais que se pretende mellorar ten unha lonxitude de **22.782,64 m**.

ACTUACIÓNS MELLORA REDE DE CAMIÑOS PRINCIPAIS:

CAM.	INICIO	FIN	LONXITUDE	ANCHURA MEDIA	ESPESORES CAPAS DE FIRME (m)			
				CAPA RODAXE	MS	ZA	ZA/E	MC+REGAS
C-1-2	EP-6201	Parque Eolico	1460	5		0,15	0,15	
C-1-5	C-1-2	Límite de zona	880	5	0,20	0,15	0,15	
C-1-7	C-1-5	C-1-8	730	5		0,15		
C-1-9	C-1-2	Límite de zona	380	5	0,20	0,15		
C-1-10	C-1-2	C-1-2	560	5		0,10		
C-1-13	C-7-1	Leiras	182,637	5	0,20			
C-2-3 (2*)	C-2-5	Fontelas	895	5				
C-3-1	C-3-3	Límite de zona	640	5				0,15
C-3-3	C-5-2	Lamazares	75	5				0,10 (3*)
C-3-7	C-3-5	C-3-8	280	5				0,15
C-3-8	C-3-7	Naves	180	5				0,15
C-4-3	C-4-6	C-4-5	1275	5	0,20	0,15		
C-4-9	EP-6201	EP-6201	715	7		0,20		0,15
C-5-2	C-5-3	C-3-3	590	4-5				0,10 (3*)-0,15
C-5-5	C-5-4	Barbeitos	640	5		0,10		
C-6-6	Pista a Hermida	Pisa a Fafián	610	5				0,15
C-7-3	C-7-2	Vilanova	190	5				0,15
C-7-5	S. Juan de Camba	C-7-6	570	5				0,15
C-7-6	C-7-5	Pista a Vilameá	285	5				0,15
C-7-12	C-7-11	Pista	645	5	0,20			

CAM.	INICIO	FIN	LONXITUDE	ANCHURA MEDIA	ESPESORES CAPAS DE FIRME (m)			
				CAPA RODAXE	MS	ZA	ZA/E	MC+REGAS
C-8-16	C-8-16	Regato	15	5				0,15
C-9-7	C-9-6	Pista Leboro	325	5				0,10 (3*)
C-9-8	EP-6201	A Veiga	425	5		0,1		
C-9-13	EP-6201	C-9-3	465	5				0,10 (3*)
S-10-6	S-10-2	Romaces	390	5	0,20			
S-10-8	S-10-12	Romaces	570	5	0,20			
S-10-11	S-10-12	Romaces	700	5	0,20			
S-10-13	S-11-16	Límite de zona	1965	5	0,20			0,15
S-10-14	Limite zona	Estrada Rodeiro	2325	4				0,15
S-10-15	S-10-13	S-10-2	420	5	0,10-0,20			0,15
S-10-16	C-10-15	Santa Baiai	610	5	0,10			0,15
S-11-1	PO-533	Pista a Vilaxuste	1020	5	0,20			
S-11-2	S-11-16	Pista a Vilaxuste	230	5	0,20			
S-11-5	Pista a Barrio	Vilaxuste	405	5				0,10 (3*)
S-11-8	S-11-9	S-11-7	290	5				0,15
S-11-9	S-11-10	S-11-8	140	5				0,10 (3*)
S-11-13	S-11-15	S-11-12	315	5	0,20			
S-11-14	S-11-15	S-11-12	390	5	0,20			

(2) Nesta actuación unicamente contémplase o desbroce das marxes, a execución de tres canos para o cruce das augas de escorrrenta e a execución dun entronque asfaltado.*

(3) Bacheo con 10 cm de grava e rega semiprofunda, superficial e selado a toda anchura*

MS: Material seleccionado
ZA: Zahorra artificial
ZA/E: Zahorra artificial estabilizada con cemento
MC+REGAS: Macadam e regas superficiais

NOVA REDE DE CAMIÑOS SECUNDARIOS

CAM.	INICIO	FIN	LONX.	ANCHURA MEDIA	ESPESORES CAPAS DE FIRME (m)			
			(m)	CAPA RODAXE	MS	ZA	MC+REGAS	HP
CS-1	S-10-14	Limite de zona	155,35	3,5	0,20			
CS-2	Loureiro	Leiras	179,74	3,0	0,20			
CS-3	Pista a Vilaxuste	Leiras	180,89	3,0	0,20			
CS-4	S-11-7	Leiras	92,68	3,0	0,20			
CS-5	C-8-8	Leiras	57,03	3,0	0,20			
CS-6	S-10-1	Soeirexa	162,49	3,0	0,20	0,15		
CS-7	C-9-8	Leiras	186,00	4,0	0,20			
CS-8	C-8-8	Leiras	337,42	4,0	0,20			
CS-8-1	C-S-8	Leiras	116,68	4,0	0,20			
CS-9	C-7-5	Leiras	161,58	4,0	0,20			
CS-10	C-7-5	Aboldron	257,54	4,0	0,20	0,15		
CS-11	Aboldron	Leiras	32,44	4,0		0,05		0,2
CS-12	C-7-2	Leiras	62,26	4,0	0,20			
CS-13	EP-6201	Leiras	294,88	4,0	0,20	0,05		0,2

CAM.	INICIO	FIN	LONX.	ANCHURA MEDIA	ESPESORES CAPAS DE FIRME (m)			
			(m)	CAPA RODAXE	MS	ZA	MC+REGAS	HP
CS-13-1	CS-13	Leiras	212,27	4,0	0,20			
CS-14	C-3-10	Limite de zona	364,76	4,0	0,20			
CS-15	Lamas	Leiras	92,26	2,5	0,20	0,05		0,2
CS-16	S-10-13	Leiras	63,13	3,0	0,20			
CS-17	Sta Baia	Leiras	14,33	3,5		0,05		0,2
CS-18	PO-533	Pazo de Trasulfe	150,41	5,0		0,05		0,2
CS-19	Covelos	Covelos	20,80	4,75		0,05		0,2
CS-20	C-4-5	Leiras	42,87	4,0	0,20			
CS-21	C-8-5	Leiras	82,55	3,5	0,20	0,00		
CS-22	C-9-2	Leboro	300,45	3,5	0,20	0,15		
CS-23	Lamas	Leiras	17,18	1,5				
CS-24	C-3-5	C-4-1	123,43	5,0		0,20	0,15	
CS-25	C-9-3	A Veiga	69,26	3,0	0,20	0,05		0,2
CS-26	S-11-9	S-11-11	99,43	5,0		0,20	0,15	
CS-27	Vilacha	Vilacha	51,65	4,0		0,05		0,2
CS-28	S-10-11	Leiras	25,73	4,0	0,20			
CS-29	Covelos	Covelos	32,61	6,3		0,20	0,15	
ABAN1	S-11-5					0,20	0,15	
ABAN2	C-9-1					0,20	0,15	
ABAN3	C-7-8					0,20	0,15	
ABAN4	C-5-6					0,20	0,15	
ABAN6	C-6-1					0,20	0,15	

MS: Material seleccionado
ZA: Zahorra artificial
MC+REGAS: Macadam e regas superficiais
HP: Formigón en pavimento

As actuación ABAN1, 2, 3, 4, e 6 consisten na mellora de abanicos existentes para mellorala seguridade viaria. Nas actuacións na zona de ampliación o paquete de firme consistirá en 20 cm de zahorra artificial, 15 cm de grava e triple tratamento superficial. Para que o acabado da actuación sexa homoxéneo no firme actual procederase a un bacheo con grava e rega semiprofunda para posteriormente aplicar rega superficial e rega de selado.

5.1.2.1 Movemento de terras

Valorouse o movemento de terras necesario para a execución dos camiños, así como o acondicionamento da explanada dos camiños existentes para recibir as novas capas de firme.

Previo o movemento de terras considerouse o despexe, desbroce, limpeza e destoconado do terreo, así como a retirada de 20 cm de terra vexetal.

O trazado lonxitudinal dos camiños fíxose de xeito de intentar compensar as terras por camiños, nos casos nos que non foi posible compénsanse as terras cos camiños do entorno e con aporte de materiais procedentes de canteiras.

No anexo nº6 Movementos de terras achéganse os datos dos estudos realizados para a compensación de terras e determinación das distancias medias de transporte.

Debido as característica da zona estímase necesario a retirada de material inadecuado e a reposición con espesores variables de pedraplén procedente da escavación e de canteira nalgúns treitos de camiños. A medición total considerada é de 3503 m³ dos cales, máis do 50% procederá de canteiras próximas a zona de actuación.

5.1.2.2 Afirmado

Como norma xeral e en base a experiencia:

Base Material seleccionado (cm) (Art. 330, PG-3)	Rodadura Zahorra ZA 0/32 (cm.)
20	15
20	

Nos entronques dos camiños con pistas asfaltadas existentes procederase a aplicar 15 cm de macadam e triple tratamento superficial co obxecto non contaminar con terras ditas pistas. A lonxitude deste entronque será coma norma xeral dun mínimo de 10 m. Este espesores manteranse no caso das novas pistas asfaltadas.

No caso que, debido a pendente ou a contorna do camiño, a actuación se execute en pavimento de formigón, este terá un espesor medio de 20 cm, sobre unha base de 5 cm de zahorra artificial de regularización.

5.1.2.3 Obras de fábrica.

Considérase a execución das correspondentes obras de drenaxe transversal e lonxitudinal necesarias, que se desenvolven no Anexo nº4 Climatoloxía, hidroloxía e dimensionamento das ODTs.

Como elementos de drenaxe lonxitudinal considéranse as gabias, cruces da cuneta para desaugadoiro e evacuación de puntos baixos, salvagabias e canos para a reposición de regos. As cunetas serán en terra de 1 m. de ancho e 0,5 m. de profundidade e os cruzamentos, salvagabias e regos executaranse con canos de Ø400 e Ø600 mm.

Como elementos de drenaxe transversal considéranse aqueles canos e estruturas executadas en vaguadas naturais e cursos fluviais, para cuxa execución será necesario solicitar permiso a AUGAS DE GALICIA, dependente da Consellería de Medio ambiente e Ordenación do Territorio.

O diámetro mínimo a executar nestas obras será de 800 mm.

No presente proxecto unicamente serán necesarias a execución dúas ODT nos camiños CS-10 e CS-13-1. Realizáronse os cálculo do caudal de deseño polo Método Racional, seguindo o procedemento da nova Norma 5.2 – IC Drenaxe Superficial da Instrución de Estradas, aprobada por Orde FOM/298/2016, do 15 de febreiro. Considerouse como caudal de deseño o correspondente ao período de retorno de 100 anos por tratarse de vías de moi escasa intensidade.

BACÍA Nº/Nome	CAMIÑO	REGO	ID	L Km	H m	S Km²	Ø ODT (mm)
CS-10/1	CS-10	Rego de Aboldrón	100378886	2,31	250,00	1,26	1.500
CS-13-1/1	CS-13-1	S/N	983640005783	0,64	45,00	0,21	800

5.1.2.4 Muros de pedra

As actuación proxectadas que se contemplan no presente proxecto requiren da execución de dous muros de contención de terras con bloques de pedra granítica para a contención do camiño proxectado.

Na seguinte táboa recóllese as principal dimensión dos treitos considerados:

CAMIÑO	LONXITUDE (m)	ALTURA (m)
CS-25	25,00	2,50
CS-27	35,00	2,50

Sobre os muros executarase unha viga de formigón de 40 cm de base e 25 cm de formigón que servirá para o ancoraxe da barreira de seguridade mixta (madeira/metal) prevista sobre os muros.

5.1.2.5 Sinalización

Valoráronse as sinais verticais de STOP que se consideran necesarias para a correcta sinalización dos entronques.

5.1.2.6 Varios

- Previuse a colocación de dous carteis de sinalización das obras segundo modelo da Consellería do Medio Rural.
- Unha partida alzada de abono integro para a limpeza e remate de obras.

5.2 Mellora de acceso a predios

5.2.1 Execución de ramplas de acceso

Consistirá na formación de ramplas tanto en zonas de desmonte coma de terraplén, incluíndo o despexe e desbroce da vexetación existente, o replanteo da parcela, a escavación ou aporte de material de préstamo, deixando o terreo perfilado en basto coa perfección que sexa posible.

Nº de ramplas en desmonte: 85 ⇒ 2.662,00 m³

Nº de ramplas en terraplén: 95 ⇒ 1.100,50 m³

5.2.2 Estendido de cordóns de terra

Estendido de terras amoreadas na cabeza de noiro, procedentes da escavación, ata unha distancia de 10 m, incluído o despexe e amontoado de vexetación existente, reformulo de parcela, deixando o terreo perfilado en basto e coa perfección posible a realizar con retroescavadora de rodas, incluído o desprazamento entre os tallos.

Esta actuación levarase a cabo en 92 leiras de reemprazo cun total de 19.591,70 m³

5.2.3 Recheo de vellas corredoiras

Recheo de vellas corredoiras (no futuro sen uso) con material procedente das leiras lindeiras.

Esta actuación levarase a cabo en 27 leiras de reemprazo cun total de 7.047,50 m³

6 XEOLOXÍA E XEOTECNIA

Polo tipo de actuación a realizar non se ven alteradas significativamente as características físico-mecánicas do sub-solo do terreo, polo que non se considera necesaria a realización dun estudio xeotécnico específico..

No obstante, se xurdiran imprevistos na fase de replanteo, realizarase o estudio xeolóxico pertinente.

No Anexo nº5 recóllense unha serie de recomendacións a seguir na realización do movemento de terras.

7 MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS

Como anexo 1 inclúese unha Memoria Ambiental que recolle os posibles efectos sobre o medioambiente das actuación derivadas da execución do Proxecto e as medidas que débense aplicar para a súa minimización. No anexo nº 12 recóllese o Estudo para a Xestión dos Residuos da Obra de acordo co R.D. 105/2008 polo que se regulan a produción e xestión de residuos de construción e demolición.

No presuposto xeral recóllese unha partida para o seguimento e control ambiental, considerando informes trimestrais, informes específicos e un informe final previo a recepción das obras.

7.1 Espazos naturais.

Para o análise das actuacións que teñen algún tipo de afección a zonas protexidas ambientalmente comprobáronse as seguintes figuras de protección.

- Rede Natura 2000 (LIC e ZEPA)
- Parques naturais
- Parques nacionais
- Humidais de importancia internacional (RAMSAR)
- Paisaxes naturais
- ENIL Espazos naturais de interese local
- EPIN Espazos privados de interese natural
- Arbores senlleiras ou mouteiras protexidas
- Reservas de caza
- Monumentos naturais
- Hábitats (Directiva 92/43/CEE)
- Inventarios de humidais de Galicia
- Reservas da Biosfera
- Sitios de interese natural
- Cotos de pesca
- IBA (Areas importantes para las aves)
- AEIP (Áreas de especial interese paisaxístico)

Aínda que parte da ZRP atópase dentro do ZEC ES1120008 Monte do Faro, ningunha das actuacións en camiño principais ou secundarios se atopan dentro do límites do ZEC.

7.2 Patrimonio Histórico-Artístico

Para o estudo das afeccións ao Patrimonio Cultural tomouse coma base os estudos arqueolóxicos realizados en fase anteriores do proceso de reestruturación parcelaria, o Catalogo do Patrimonio do PXOM vixente do Concello de Rodeiro e os datos de situación dos elementos e xacementos arqueolóxicos, así coma as súas contornas de protección dos visores do PBA e de Aproveitamentos Forestais.

⇒ https://mapas.xunta.gal/visores/pba/
⇒ https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/

No presuposto xeral recóllese unha partida para o seguimento e control arqueolóxico durante a fase de movemento de terras e a fase de acondicionamento de acceso a predios.

8 SEGURIDADE E SAÚDE

Tal e como se indica no Anexo 11, inclúese no presente proxecto un Estudo de Seguridade e Saúde nas Obras de Construción.

Ascende o importe en materia de seguridade e saúde (execución material) a cantidade de: SETE MIL NOVECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS //7.991,65// .- €

9 NORMAS CONSTRUCTIVAS

Esixiranse as normas construtivas que aparecen no prego de condicións, ademais das normas de carácter xeral vixente.

Nos prezos unitarios entenderanse incluídos os medios auxiliares, ferramentas e dispositivos precisos para a completa terminación da obra.

As unidades de obra deben estar totalmente rematadas inda que algúns elementos non aparezan taxativamente determinados nos cadros de prezos e Orzamentos.

10 PREZOS

Seguindo indicacións da Conselleria do Medio Rural o presente proxecto valorouse con axuda das TARIFAS TRAGSA 2023 – Actuaciones sujetas, cotexando os prezos dos materiais granulares coas canteiras próximas á zona de actuación.

11 REQUISITOS ADMINISTRATIVOS

11.1 Xustificación de obra completa

Faise mención expresa a que o presente Proxecto refírese a unha obra completa, entendendo por esta a susceptible de ser entregada ao uso xeral, sen prexuízo das ampliacións de que posteriormente poida ser obxecto e comprende todos e cada un dos elementos que son precisos para a utilización da obra.

11.2 Autorizacións administrativas

Os camiños e obras situados nas zonas de concentración parcelaria non necesitan de autorizacións dos propietarios dos terreos que as ocupan.

11.3 Prazo de execución

Dadas as características das obras considérase necesario e suficiente un prazo de **VINTE E CATRO (24)** meses para a correcta execución das mesmas.

11.4 Clasificación do contratista

Segundo o artigo 77 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Publico, o importe mínimo a partir do cal se esixirá a clasificación das empresas que concorran á formalización de contratos de obras é de 500.000,00 euros.

Dado o tipo de obras a executar e que o prazo de execución é de 24 meses, a efectos de clasificación a anualidade media é a metade do presuposto base de licitación (sen IVE) : 988.155,75 €. Correspóndelle polo tanto a seguinte clasificación:

GRUPO: **G** Viais e pistas

SUBGRUPO: **6** sen cualificación específica

CATEGORÍA: **4** anualidade excede 840.000 € e non supera 2.400.000 €

G-6-4

11.5 Prazo de garantía

El prazo de garantía das obras será de **DOCE MESES** contados a partir da data do día seguinte ó da sinatura do Acta de Recepción.

Do mesmo xeito terase en conta o artigo 167 do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro (B.O.E nº 257 do 26 de outubro) que aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e que se refire as obrigacións do contratista durante o prazo de garantía, sempre que ditos danos sexan imputables a contrata.

12 DOCUMENTOS DO PRESENTE PROXECTO

- DOCUMENTO Nº1 – MEMORIA

ANEXOS

1. Memoria ambiental
2. Topografía
3. Trazado
4. Hidroloxía e drenaxe
5. Xeoloxía
6. Movemento de terras
7. Estruturas
8. Programa de traballo
9. Clasificación do contratista
10. Xustificación de prezos
11. Estudio de seguridade e saúde
12. Xestión de residuos
13. Autorizacións e permisos
14. Cumprimenta da DIA
15. Mellora de acceso a predios

16. Presuposto para coñecemento da administración
17. Análise presupostario

- DOCUMENTO Nº2 – PLANOS
- DOCUMENTO Nº3 - PREGO DE CONDICIÓNS
- DOCUMENTO Nº4 – PRESUPOSTO

MEDICIÓNS

Medición xeral

CADROS DE PREZO

Cadro de prezos nº1

Cadro de prezos nº2

PRESUPOSTOS PARCIAIS

Presupostos parciais

RESUMO DO PRESUPOSTO

13 PLANOS

No Documento nº 2 Planos defínense as obras, e danse os detalles necesarios para a correcta interpretación das obras a executar.

14 PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TECNICAS PARTICULARES

O Prego de Prescricións Técnicas Particulares, que rexerán na execución das obras, parte da descrición das mesmas, as Normas e Disposicións legais vixentes de Obrigado Cumprimento, en canto non sexan modificadas polo Prego do Proxecto e concrétanse os materiais que hai que empregar, o seu emprego e confección das distintas unidades de obra e fíxalle o criterio de medición e aboamento.

15 ORZAMENTO

15.1 Medicións

As medicións da obra dividíronse se capítulos e cada un deles en actividades especificando dentro de cada unha delas as distintas unidades de obra.

15.2 Cadros de prezos

Nos cadros de prezos nº 1 e nº 2, as distintas unidades de obra se ordenan polo seu código e designación correspondente.

15.3 Presupostos

Ascende o Orzamento de Execución Material á cantidade de: UN MILLÓN SEISCENTOS SESENTA MIL SETECENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS //1.660.765,96//.-€)

ASCENDE A BASE IMPOÑIBLE Á CANTIDADE DE: UN MILLÓN NOVECENTOS SETENTA E SEIS MIL TRESCENTOS ONCE EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS //1.976.311,49//.-€

ASCENDE O ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN Á CANTIDADE DE: DOUS MILLÓNS TRESCENTOS NOVENTA E UN MIL TRESCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS //2.391.336,90//.-€.

Repercutindo a parte proporcional do capítulo de VARIOS, SEGUIMENTO AMBIENTAL, REPOSICIÓNS e SEGURIDADE E SAÚDE podemos obter o custe correspondente a parte de Camiños secundarios e mellora da rede de camiños principais e de Mellora de acceso a predios.

CAPÍTULO		TOTAL	CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA REDE PRINCIPAL	MELLORA DE ACCESO A PREDIOS
RED DE CAMINOS PRINCIPALES		945.734,90	945.734,90	
RED DE CAMINO SECUNDARIOS		442.218,76	442.218,76	
VARIOS E REPOSICIÓNS		21.122,73	20.342,73	780,00
MELLORA DE ACCESO A PREDIOS		207.455,92		207.455,92
SEGUIMENTO AMBIENTAL		10.139,88	8.821,70	1.318,18
SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO		12.476,32	9.357,24	3.119,08
SEGURIDAD Y SALUD		7.991,65	6.952,74	1.038,91
GESTIÓN DE RESIDUOS		13.625,80	13.625,80	
Execución material		*1.660.765,96*	*1.447.053,87*	*213.712,09*
Gastos xerais	*13%*	*215.899,57*	*188.117,00*	*27.782,57*
Beneficio industrial	*6%*	*99.645,96*	*86.823,23*	*12.822,73*
Base de licitación		*1.976.311,49*	*1.721.994,10*	*254.317,39*
I.V.E.	*21%*	*415.025,41*	*361.618,76*	*53.406,65*
TOTAL		***2.391.336,90***	***2.083.612,86***	***307.724,04***

Polo tanto:

A repercusión presupostaria das actuación de **Camiños secundarios e mellora da rede de camiños principais** por **ml** é de SETENTA E SETE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS //77,68.-€/ml.//.

2.083.612,86 € / 26.822,7 m = 77,68 €/m

A repercusión presupostaria das actuación de **Mellora de acceso a predios** por **Ha** é de CENTO SESENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS //165,98.-€/Ha.//.

307.724,04 € / 1854 Ha = 165,98 €/Ha

Pontevedra, Abril de 2025

O Enxeñeiro Autor

Alberto J. Fernández Conde
Enxeñeiro Agrónomo
Por Estudio Técnico Gallego, S.A.

XUNTA DE GALICIA

Cofinanciado pola Unión Europea

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

.

ANEXOS Á MEMORIA

ANEXO Nº1

MEMORIA AMBIENTAL

INDICE

1.- MEMORIA AMBIENTAL
1.1.- Datos básicos do proxecto:
1.2.- Listaxe de control camiños principais e secundarios:
1.3.- Listaxe de control mellora de acceso a predios:
1.4.- Figuras de protección
2.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS EN CONTORNAS PROTEXIDAS
2.1.- Proteccións patrimoniais
2.1.1.- Camiño C-1-2
2.1.2.- Camiño C-1-13
2.1.3.- Camiño C-3-1
2.1.4.- Camiño C-3-3
2.1.5.- Camiño C-3-7
2.1.6.- Camiño C-5-2
2.1.7.- Camiño C-7-5
2.1.8.- Camiño C-7-12
2.1.9.- Camiño S-10-13
2.1.10.- Camiño S-10-14
2.1.11.- Camiño S-10-15
2.1.12.- Camiño CS-1
2.1.13.- Camiño CS-4
2.1.14.- Camiño CS-5
2.1.15.- Camiño CS-6
2.1.16.- Camiño CS-7
2.1.17.- Camiño CS-8-1
2.1.18.- Camiño CS-10
2.1.19.- Camiño CS-11
2.1.20.- Camiño CS-16
2.1.21.- Camiño CS-18
2.1.22.- Camiño CS-19
2.1.23.- Camiño CS-27
2.1.24.- Abanico 2
2.1.25.- Abanico 3
2.1.26.- Outros camiños con afección a elementos recollidos en traballos anteriores
2.1.27.- Afección ao Camiño de Santiago, Camiño de Inverno
3.- IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS E RECOMENDACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS
3.1.- Proceso de reestruturación
3.2.- Accións do proceso de execución de pistas
4.- IDENTIFICACIÓN, CARACTERIZACIÓN E VALORACIÓN DE ALTERACIÓNS OU IMPACTOS
4.1.- Identificación de accións susceptibles de producir impacto.
4.2.- Identificación de factores do medio susceptibles de recibir impacto.
4.3.- Identificación de las acciones susceptibles de generar impactos (Proxecto de camiños principais).
4.4.- Matriz de identificación de impactos
4.4.1.- Resumo dos impactos identificados
4.4.2.- Descrición dos impactos
5.- XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL: MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS

5.1.- Medidas Preventivas
5.1.1.- Fase de formulación
5.1.2.- Fase de execución


1.- MEMORIA AMBIENTAL

1.1.- Datos básicos do proxecto:

Título do Proxecto: PROXECTO DE CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA DE CAMIÑOS PRINCIPAIS E ACCESO A PREDIOS NA ZCP DE VAL DE CAMBA (RODEIRO - PONTEVEDRA).

Características e localización:

O perímetro da zona a concentrar emprázase no leste do Concello de Rodeiro, abranguendo unicamente parroquias de dito municipio, e está formado polas parcelas incluídas nos planos parcelarios correspondentes.



O Concello de Rodeiro atópase no nordeste da provincia de Pontevedra, exercendo como límite xeográfico coa provincia de Lugo e tamén moi preto da fronteira con Ourense.

A distancia de dita zona á capital da provincia (Pontevedra) é de 130 quilómetros, sendo outros 4 quilómetros os que a separan do Concello ao que pertence.

Os límites desta zona son os seguintes:

NORTE: Parroquias de San Cristovo da Portela e Santa Mariña de Pescoso

SUR: Parroquias de San Paio de Senra e San Martiño de Asperelo

LESTE: Concello de Chantada

OESTE: Parroquias de San Cibrao de Negrelos, San Miguel de Riobó e San Vicente de Rodeiro.

A superficie a concentrar é de 1854 Ha, o número total de parcelas é de 7.529, pertencentes a 722 propietarios (10,5 parcelas por propietario) cunha superficie media por parcela de 2463 m².


O municipio de Rodeiro esténdese aos pés da Serra do Faro, limitando cos concellos de Chantada, Taboada, Antas de Ulla, Agolada, Lalín, Dozón, Piñor, San Cirstovo de Cea e Carballedo.

A súa superficie é de 154,91 quilómetros cadrados e a súa poboación ascende a 2.260 habitantes (dato do IGE 2023).

As estradas que vertebran o concello son a PO-212 e a PO-533 que conectan Rodeiro cos municipios veciños de Agolada e lalín.

DATOS DE POBOACIÓN

	Ano 2023		
	Poboación	Homes	Mulleres
ÁLCEME (SANTA MARÍA P.)	136	72	64
ARNEGO (SANTIAGO A.)	110	58	52
ASPERELO (SANTIAGO A.)	148	72	76
AZ (SAN CRISTÓBAL A.)	103	50	53
CAMBA (SAN JUAN A.)	**105**	**56**	**49**
CAMBA (SAN SALVADOR P.)	89	40	49
CAMBA (SANTA EULALIA P.)	**84**	**45**	**39**
CARBOENTES (SAN ESTEBAN P.)	168	86	82
FAFIÁN (SANTIAGO P.)	**66**	**32**	**34**
GUILLAR (SANTA MARÍA P.)	128	67	61
NEGRELOS (SAN CIPRIÁN P.)	116	57	59
PEDROSO (SAN JULIÁN P.)	79	40	39
PESCOSO (SANTA MARIÑA P.)	126	55	71
PORTELA (SAN CRISTÓBAL P.)	52	22	30
RÍO (SANTA MARÍA A.)	**106**	**57**	**49**
RÍRIOBÓ (SAN MIGUEL A.)	30	12	18
RODEIRO (SAN VICENTE P.)	416	219	197
SALTO (SAN ESTEBAN P.)	97	47	50
SENRA (SAN PELAYO P.)	23	13	10
VILELA (SANTA MARÍA A.)	78	42	36



As parroquias dentro do contorno da ZCP suponen o 15,97% da poboación do Concello de Rodeiro.

A actuacións nos camiños principais e nos secundarios son as seguintes:

	Camiño	Lonxitude	Inicio		Fin	
			x	y	x	y
CAMIÑOS PRINCIPAIS	C-1-2	1460	589.312,65	4.725.533,10	4.725.950,59	4.725.950,59
	C-1-5	880	590.375,88	4.725.855,95	590.740,38	4.725.249,32
	C-1-7	730	590.413,78	4.725.617,93	590.094,83	4.725.367,21
	C-1-9	380	589.808,40	4.725.779,77	589.930,07	4.726.105,76
	C-1-10	560	589.441,29	4.725.699,73	589.584,47	4.726.213,38
	C-1-13	182,637	589.045,33	4.725.004,88	589.216,70	4.725.068,03
	C-2-3	895	588.921,50	4.725.336,15	588.349,68	4.725.520,23
	C-3-1	640	587.648,34	4.725.131,33	587.363,18	4.725.481,59
	C-3-3	75	587.615,06	4.725.082,00	587.659,15	4.725.138,24
	C-3-7	280	586.692,79	4.724.756,23	586.539,76	4.724.524,23
	C-3-8	180	586.550,93	4.724.531,24	586.650,19	4.724.381,43
	C-4-3	1275	587.537,07	4.723.859,14	586.878,70	4.723.190,49
	C-4-9	715	586.744,22	4.722.754,26	587.353,28	4.723.108,70
	C-5-2	590	588.128,04	4.725.007,28	587.624,06	4.725.083,76
	C-5-5	640	587.714,81	4.723.785,31	587.901,82	4.724.376,68

	Camiño	Lonxitude	Inicio		Fin	
			x	y	x	y
CAMIÑOS PRINCIPAIS	C-6-6	610	588.644,57	4.724.154,76	588.362,71	4.723.643,69
	C-7-3	190	589.834,69	4.724.812,13	589.677,72	4.724.912,24
	C-7-5	570	589.251,20	4.724.741,93	589.265,09	4.724.174,67
	C-7-6	285	589.265,09	4.724.174,67	589.055,75	4.724.010,73
	C-7-12	645	590.076,62	4.724.313,74	590.076,62	4.724.313,74
	C-8-16	15	589.001,08	4.722.778,86	589.016,03	4.722.780,05
	C-9-7	325	587.662,54	4.722.986,47	587.423,09	4.723.161,09
	C-9-8	425	587.307,50	4.722.859,92	587.714,89	4.722.754,99
	C-9-13	465	588.626,46	4.722.320,73	588.848,54	4.722.716,47
	S-10-6	390	587.653,26	4.721.930,48	587.985,09	4.721.770,71
	S-10-8	570	587.305,97	4.721.459,02	587.613,81	4.721.873,83
	S-10-11	700	587.583,40	4.722.004,82	587.024,80	4.721.713,62
	S-10-13	1965	588.506,95	4.721.478,46	586.737,71	4.720.846,54
	S-10-14	2325	586.711,77	4.722.141,70	586.984,96	4.720.375,08
	S-10-15	420	587.993,98	4.721.199,22	587.699,01	4.721.438,02
	S-10-16	610	587.846,83	4.721.386,44	587.846,83	4.721.386,44
	S-11-1	1020	589.593,49	4.722.470,02	589.414,59	4.721.586,00
	S-11-2	230	589.591,43	4.721.984,51	589.372,88	4.721.948,00
	S-11-5	405	588.962,54	4.721.673,18	589.216,98	4.721.858,08
	S-11-8	290	588.501,54	4.722.163,23	588.688,59	4.721.912,91
	S-11-9	140	588.533,71	4.722.277,23	588.492,59	4.722.144,52
	S-11-13	315	588.966,84	4.721.277,56	589.258,33	4.721.319,13
	S-11-14	390	588.983,98	4.721.221,24	589.316,87	4.721.095,76
CAMIÑOS SECUNDARIOS	CS-1	155,35	586.982,97	4.720.378,98	586.832,65	4.720.342,09
	CS-2	179,74	589.473,41	4.721.304,63	589.628,76	4.721.390,06
	CS-3	180,89	589.421,17	4.721.715,90	589.248,89	4.721.725,60
	CS-4	92,68	588.812,83	4.722.007,03	588.778,82	4.722.093,24
	CS-5	57,03	589.719,70	4.723.700,19	589.757,17	4.723.743,00
	CS-6	162,49	588.172,35	4.721.829,52	588.183,34	4.721.972,62
	CS-7	186	588.721,55	4.723.044,47	588.636,15	4.722.931,49
	CS-8	337,42	589.529,40	4.723.126,97	589.320,80	4.723.323,84
	CS-8-1	116,68	589.375,59	4.723.211,32	589.426,41	4.723.316,35
	CS-9	161,58	589.256,23	4.724.445,00	589.174,00	4.724.333,47
	CS-10	257,54	589.260,95	4.724.447,22	589.498,38	4.724.522,56
	CS-11	32,44	589.602,52	4.724.538,72	589.632,72	4.724.550,07
	CS-12	62,26	590.339,45	4.724.603,78	590.309,86	4.724.658,55
	CS-13	294,88	588.341,69	4.724.521,59	588.252,98	4.724.796,13
	CS-13-1	212,27	588.293,62	4.724.699,21	588.427,38	4.724.864,04
	CS-14	364,76	585.930,90	4.724.620,14	585.823,41	4.724.279,50
	CS-15	92,26	589.318,20	4.725.286,63	589.253,42	4.725.222,63
	CS-16	63,13	588.250,69	4.721.365,93	588.226,93	4.721.418,95
	CS-17	14,33	588.538,91	4.721.663,38	588.549,31	4.721.673,21
	CS-18	150,41	589.433,32	4.722.430,30	589.410,68	4.722.559,99
	CS-19	20,8	589.509,62	4.722.882,72	589.505,47	4.722.862,20
	CS-20	42,87	587.303,43	4.723.485,42	587.324,03	4.723.522,48
	CS-21	82,55	586.266,25	4.725.254,29	586.348,78	4.725.255,95
	CS-22	300,45	587.928,94	4.723.115,54	587.695,54	4.723.304,73
	CS-23	17,18	589.322,82	4.725.369,14	589.336,79	4.725.380,13
	CS-24	123,43	587.429,16	4.724.086,34	587.316,07	4.724.040,27
	CS-25	69,26	587.775,56	4.722.828,11	587.752,48	4.722.766,69
	CS-26	99,43	588.492,72	4.722.144,71	588.457,83	4.722.051,65
	CS-27	51,65	589.851,64	4.723.373,38	589.895,11	4.723.356,00
	CS-28	25,73	587.580,37	4.722.009,02	587.578,69	4.722.034,48
	CS-29	32,61	589.568,24	4.722.861,48	589.548,35	4.722.887,30
	ABAN1		589.071,59	4.721.881,62		
	ABAN2		589.098,76	4.722.437,27		
	ABAN3		589.511,35	4.723.672,64		
	ABAN4		588.432,64	4.724.375,86		
	ABAN6		588.278,16	4.724.413,38		

Por outro lado procederase á mellora do acceso aos precios que tamén recolle actuacións formación de ramplas de acceso (en desmonte ou terraplén) deixando o terreo perfilado en basto, estendido de cordóns de terra vexetal existentes deixando o terreo perfilado en basto e recheo de corredoiras que quedan sen uso coa nova distribucións das leiras con material procedentes das leiras colindantes.

ACCESO A PREDIOS:

53011	302021	2	12	Carici binervis-Ericetum ciliaris Oubi±a & Izco ined.	Brezal-tojal meso-higrófilo gallego	Brezal-tojales	4020	*	Brezales h·medos atlánticos de zona templadas de Erica ciliaris y Erica tetralix
53011	302022	2	12	Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1965	Brezal-tojal meso-higrófilo galaico-portugues y galaico-asturiano septentrional	Brezal-tojales	4020	*	Brezales h·medos atlánticos de zona templadas de Erica ciliaris y Erica tetralix
53011	303049	2	62	Ulici europaei-Ericetum cinereae Bellot 1949	Brezal-tojal meso-xerófilo termo-mesotemplado galaico-portugues y galaico-asturiano septentrional	Brezal-tojales	4030	Np	Brezales secos europeos
53011	309036	2	62	Cytisetum striati Castroviejo 1973	Xesteiras con tojos.	Escobonales	4090	Np	Brezales oromediterráneos endÚmicos con aliaga
53011	613011	2	12	Arnicetum atlanticae Bellot 1968	Turberas planas oligótrofas galaico-portuguesas y asturianas	Turberas			
53247	823014	3	88	Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris P. Silva, Rozeira & Contes 1950	Carballedas acidófilas galaico-portuguesas	Carballedas	9230	Np	Robledales galaico-portugueses con Quercus robur y Quercus pyrenaica
53479	541032	1	5	Deschampsio hispanicae-Juncetum effusi Rivas-MartÝnez ex R. GarcÝa in Llamas 1984	Pradera-juncal oligótrofa orocantábrica meridional	Juncales oligótrofos			
53479	551030	1	10	Cynosurion cristati T³xen 1947	Prado mesófilo de diente meso y supratemplado	Prados mesófilos de diente			
53479	621042	2	1	Glycerio declinatae-Apietum nodiflori J.A. Molina 1996	Apiales de berrazas y gramas de cien pies	Apiales			
53479	823014	2	80	Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris P. Silva, Rozeira & Contes 1950	Carballedas acidófilas galaico-portuguesas	Carballedas	9230	Np	Robledales galaico-portugueses con Quercus robur y Quercus pyrenaica
53508	81E025	1	20	Senecioni bayonensis-Alnetum glutinosae Amigo, J. Guitián & F. Prieto 1987	Alisedas galaico-portuguesas	Alisedas	91E0	*	Bosques aluviales de Alnus glutinosa y Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae)
53508	541038	2	20	Senecioni aquatici-Juncetum acutiflori Br.-Bl. & T³xen 1952	Juncal oligótrofo atlántico	Juncales oligótrofos			

HAB_LAY	CODHAB	NATUR.	%	NOM_HABITA	NOM_COMUN	XENERICO	CODUE	PRIOR.	DESCRIPCIO
53508	551031	2	20	Caro verticillati-Cynosuretum cristati Bellot & Casaseca ex T³xen in T³xen & Oberdorfer 1958	Prado mesófilo de diente noroccidental ibÚrico mesotemplado	Prados mesófilos de diente			
53508	621042	2	1	Glycerio declinatae-Apietum nodiflori J.A. Molina 1996	Apiales de berrazas y gramas de cien pies	Apiales			
53508	621073	2	1	Galio broteriani-Caricetum broterianae Rivas-MartÝnez ex Fuente 1986	Marciegales oligo-mesótrofos con galios	Marciegales			
53508	621331	2	2	Glycerio declinatae-Oenanthetum crocatae Rivas-MartÝnez, Belmonte, Fernández-González & Sánchez-Mata in Sánchez-Mata 1989	Esparganiales con nabo del diablo y grama de cien pies	Esparganiales			
53631	309036	3	90	Cytisetum striati Castroviejo 1973	Xesteiras con tojos.	Escobonales	4090	Np	Brezales oromediterráneos endÚmicos con aliaga
53833	823014	3	88	Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris P. Silva, Rozeira & Contes 1950	Carballedas acidófilas galaico-portuguesas	Carballedas	9230	Np	Robledales galaico-portugueses con Quercus robur y Quercus pyrenaica
54287	823014	3	88	Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris P. Silva, Rozeira & Contes 1950	Carballedas acidófilas galaico-portuguesas	Carballedas	9230	Np	Robledales galaico-portugueses con Quercus robur y Quercus pyrenaica
54366	823014	1	15	Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris P. Silva, Rozeira & Contes 1950	Carballedas acidófilas galaico-portuguesas	Carballedas	9230	Np	Robledales galaico-portugueses con Quercus robur y Quercus pyrenaica
54366	309036	2	20	Cytisetum striati Castroviejo 1973	Xesteiras con tojos.	Escobonales	4090	Np	Brezales oromediterráneos endÚmicos con aliaga
54366	303049	3	60	Ulici europaei-Ericetum cinereae Bellot 1949	Brezal-tojal meso-xerófilo termo-mesotemplado galaico-portugues y galaico-asturiano septentrional	Brezal-tojales	4030	Np	Brezales secos europeos
54706	823014	3	88	Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris P. Silva, Rozeira & Contes 1950	Carballedas acidófilas galaico-portuguesas	Carballedas	9230	Np	Robledales galaico-portugueses con Quercus robur y Quercus pyrenaica



Contorno ZRP
Coutos Pesca
Hábitats
49264
49753
50342
50253
50474
48998
49825
50861
51158
51155
51333
51471
51562
51472
51576
52081
52109
52218
52094
52384
52003
52613
51952
52485
53247
53332
53479
53443
52901
53508
53631
53833
53774
53872
53848
54287
54366
54706
53011
54451
54876
54920
54867
54666
54982
55443
55351
55366
55645
55728
56188
56065
56217
56284
56713
56654
56201
56363
56848
56758
57101

2.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS EN CONTORNAS PROTEXIDAS

2.1.- Protección patrimoniais

Nota: Para as delimitacións e situación dos elementos patrimoniais empregouse o visor do PBA o visor de aproveitamentos forestais e o Catálogo do PXOM vixente. As distancias reflíctense con respecto a situación do xacemento/elemento do PBA. Tamén se contemplan os elementos reflictidos nos traballos realizados polo arqueólogo Celso Huga Barba Seara en xuño de 2018.

2.1.1.- Camiño C-1-2






O camiño C-1-2 pertence a rede de camiños principais cuio movemento de terras executouse nas primeiras fases do proceso de reestruturación da propiedade.

Na zona que se atopa dentro da zona de cautela do xacemento contémplase a preparación da explanada (5 m.) xa existente sen modificar a anchura nin a rasante e o aporte de 15 cm de zahorra artificial ou zahorra artificial estabilizada con cemento para aumentar a capacidade portante do camiño.

A continuación exponse unha táboa co xacemento próximo e a distancia á actuación:

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA36047038	Mámoa do Forno Vello	148
E-17	Corredoira de Lamas	0

2.1.2.- Camiño C-1-13






O camiño C-1-13 pertence a rede de camiños principais cuio movemento de terras na súa parte inicial, que se atopa en zona de cautela de elementos patrimoniais, executouse nas primeiras fases do proceso de reestruturación da propiedade.

Neste proxecto contémplase a preparación da explanada (5 m.) xa existente sen modificar a anchura nin a rasante e o aporte de 20 cm de material seleccionado para aumentar a capacidade portante do camiño. Dado que entronca cun camiño actualmente asfaltado procederase ao afirmado dos primeiros 10 m do camiño con grava e triple tratamento superficial para impedir que os materiais granulares do camiño cheguen a pista municipal producindo situaciones de perigo para os usuarios das pistas.

A continuación exponse unha táboa cos elementos patrimoniais próximos a á distancia a actuación:

Elemento	Nome	Distancia (m)
AE-20	Marco do Perdón	24
AC-16 e AR-11	Pazo de Camba, Igrexa Parroquial e Panteóns de San Xoán	189
AE-21	Marco do Perdón	340

2.1.3.- Camiño C-3-1



Camiño pertencente a rede principal cuio movemento de terras xa foi realizado en fases anteriores. O seu trazado discorre polo límite da zona de cautela de dous xacementos arqueolóxicos. Neste proxecto contemplase o desbroce das marxes e a mellora da capacidade portante do camiño con 15 cm de grava e triple rega superficial dado que se trata dun camiño moi empregado para a conexión coa parroquia de Santa Mariña de Pescoso. Non se alterará nin a anchura nin a rasante do camiño actual.

A continuación exponse unha táboa cos elementos patrimoniais próximos a á distancia a actuación:

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA360047146	Mámoa de Lamazares 2	75
GA360047145	Mámoa de Lamazares 1	80

2.1.4.- Camiño C-3-3




Camiño pertencente a rede principal cuio movemento de terras xa foi realizado en fases anteriores. A parte final do seu trazado penetra lixeiramente na zona de cautela de dous xacementos arqueolóxicos. Neste proxecto contemplase o desbroce das marxes e labores de mantemento da capa de firme mediante o bacheo con grava e rega semiprofunda e posterior aplicación de rega superficial e selado a toda a anchura existente. Non se alterará nin a anchura nin a rasante do camiño actual.

A continuación exponse unha táboa cos elementos patrimoniais próximos a á distancia a actuación:

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA360047146	Mámoa de Lamazares 2	230
GA360047145	Mámoa de Lamazares 1	275

2.1.5.- Camiño C-3-7







Camiño pertencente a rede principal cuio movemento de terras xa foi realizado en fases anteriores. Parte do seu trazado discorre por zona de cautela de varios xacementos arqueolóxicos. Neste proxecto contemplase o desbroce das marxes e a mellora da capacidade portante do camiño con 15 cm de grava e triple rega superficial dado que se trata dun camiño que da servizo a explotacións agrícola que empregan, para o correcto desenrolo da súa actividade, maquinaria agrícola e forestal de dimensións e peso considerables. Non se alterará nin a anchura nin a rasante do camiño actual.

A continuación exponse unha táboa cos elementos patrimoniais próximos a á distancia a actuación:

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA360047111	Mámoa de Os Salgueiros / Agua Levada 4	50
GA360047158	Mámoa de Os Salgueiros / Agua Levada 5	280
GA360047041	Mámoa de Os Salgueiros / Agua Levada 1	340
GA360047109	Mámoa de Os Salgueiros / Agua Levada 2	270
GA360047159	Mámoa/asentamento de Os Salgueiros / Agua Levada	120
GA360047160	Petroglifo de Os Salgueiros / Agua Levada 1	230
GA360047161	Petroglifo de Os Salgueiros / Agua Levada 2	385

2.1.6.- Camiño C-5-2








Camiño pertencente a rede principal cuio movemento de terras xa foi realizado en fases anteriores. Parte do seu trazado discorre por zona de cautela de varios xacementos arqueolóxicos. Neste proxecto contemplase o desbroce das marxes e a mellora da capacidade portante do camiño con 15 cm de grava e triple rega superficial dado que se trata dun camiño que da servizo a explotacións agrícola que empregan, para o correcto desenrolo da súa actividade, maquinaria agrícola e forestal de dimensións e peso considerables. Non se alterará nin a anchura nin a rasante do camiño actual.

A continuación exponse unha táboa cos elementos patrimoniais próximos a á distancia a actuación:

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA360047042	Mámoa da Ladeira da Fonte	250
GA360047110	Mámoa de Os Salgueiros / Agua Levada 3	165

2.1.7.- Camiño C-7-5




Camiño pertencente a rede principal cuio movemento de terras xa foi realizado en fases anteriores. Parte do seu trazado discorre por zona de cautela de varios elementos patrimoniais catalogados así coma que entronca co Camiño de Inverno. Neste proxecto contemplase o desbroce das marxes e a mellora da capacidade portante do camiño con 15 cm de grava e triple rega superficial dado que se trata dun camiño que da servizo a explotacións agrícola que empregan, para o correcto desenrolo da súa actividade, maquinaria agrícola e forestal de dimensións e peso considerables. Non se alterará nin a anchura nin a rasante do camiño actual.

A continuación exponse unha táboa cos elementos patrimoniais próximos a á distancia a actuación:

Elemento	Nome	Distancia (m)
Camiño de Santiago	Camiño de Inverno	0
AR-11	Igrexa Parroquial de San Xoán	85
AC-16	Pazo de Camba	120

2.1.8.- Camiño C-7-12








Camiño pertencente a rede principal cuio movemento de terras xa foi realizado en fases anteriores. Unha pequena parte do seu trazado atíopase na zona de cautela dun xacemento arqueolóxico. Neste proxecto contemplase o desbroce das marxes e a mellora da capacidade portante do camiño con 20 cm de material seleccionado. Non se alterará nin a anchura nin a rasante do camiño actual.

A continuación exponse unha táboa cos elementos patrimoniais próximos a á distancia a actuación:

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA360047024	Castro de Aboldrón	205
GA360047070	Mámoas de Alto do Monte Faro 2	210
GA360047040	Mámoas de Alto do Monte Faro 1 Coto Salgueiro	230

2.1.9.- Camiño S-10-13






Camiño pertencente a rede principal cuio movemento de terras xa foi realizado en fases anteriores. Parte do seu trazado discorre por zona de cautela de dous xacementos arqueolóxicos e unha zona atópase lindando coa zona de protección integral. Neste proxecto contemplase o desbroce das marxes e a mellora da capacidade portante do camiño, diferenciando dous tipos de actuacións. Na zona que discorre pola zona de cautela do xacemento GA36047064 procederase a mellora da capa portante con 20 cm de material seleccionado ata o cruce coa pista S-10-15 e a partir de ali e ata a zona de afección do xacemento GA36047152 con mellorarase con15 cm de grava e triple rega superficial dado que se trata dun camiño que da servizo a explotacións agrícola que empregan, para o correcto desenrolo da súa actividade, maquinaria agrícola e forestal de dimensións e peso considerables. Non se alterará nin a anchura nin a rasante do camiño actual.

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA360047064	Agro de Mendez	30
GA360047152	Mámoa do Camiño Real 2	0
E-08	Corredoira de Santa Baia 3	0
H-01	Cruceiro do camiño de Rodeiro a Sta. Baia	0

2.1.10.- Camiño S-10-14








Camiño pertencente a rede principal cuio movemento de terras xa foi realizado en fases anteriores. Parte do seu trazado discorre por zona de cautela dun xacemento arqueolóxicos e unha zona atópase lindando coa zona de protección integral. Neste proxecto contemplase a limpeza das gabias existentes, o perfilado da plataforma e a mellora da capacidade portante do camiño con 15 cm de grava e triple rega superficial dado que se trata dun camiño que da servizo a explotacións agrícolas que empregan, para o correcto desenrolo da súa actividade, maquinaria agrícola e forestal de dimensións e peso considerables. Ademais este camiño ten un elevado tráfico debido a que comunica a estrada da deputación EP-6202 coa estrada titularidade da Xunta de Galicia PO-533 . Non se alterará nin a anchura nin a rasante do camiño actual.

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA360047062	Mámoa do Camiño Real	155
GA360047152	Mámoa do Camiño Real 2	130
E-01	Muros lindeiros tradicionais de Romaces 1	3


2.1.11.- Camiño S-10-15



Camiño pertencente a rede principal cuio movemento de terras xa foi realizado en fases anteriores. Parte do seu trazado discorre por zona de cautela dun xacemento arqueolóxico. Neste proxecto contemplase a limpeza das gabias existentes, o perfilado da plataforma e a mellora da capacidade portante do camiño con 15 cm de grava e triple rega superficial dado que se trata dun camiño que da servizo a explotacións agrícolas que empregan, para o correcto desenrolo da súa actividade, maquinaria agrícola e forestal de dimensións e peso considerables. Ademais este camiño ten un elevado tráfico debido a que da servizo a explotacións agrícolas. Non se alterará nin a anchura nin a rasante do camiño actual.

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA360047064	Agro de Méndez	110
E-08	Corredoira de Santa Baia 3	0

2.1.12.- Camiño CS-1












Camiño de nova apertura aproveitando o trazado dun camiño existente. Nesta actuación pretendese realizar un movemento de terras mínimo para a execución dun camiño de 3,5 m da capa de rodaxe con cunetas de 0,5 m de profundidade máxima e 1 m. de anchura. O firme consistirá en 20 cm de material seleccionado a excepción do entronque coa pista S-10-14 onde se executará con 15 cm de grava e triple rega superficial co obxecto de non contaminar con terras as pistas asfaltadas. A lonxitude total do camiño será de 155 m.

Na parte inicial procederase a demolición e reposición co mesmo material dun muro de pedra de 40 m de lonxitude por 1 m. de altura e 0,4 m de anchura.

Toda a actuación atópase na zona de cautela dun xacemento arqueolóxico.

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA360047062	Mámoa do Camiño Real	70

2.1.13.- Camiño CS-4






Camiño de nova apertura. Nesta actuación pretendese realizar un movemento de terras mínimo para a execución dun camiño de 3 m da capa de rodaxe con cunetas de 0,5 m de profundidade máxima e 1 m. de anchura. O firme consistirá en pedraplén e 20 cm de material seleccionado. A lonxitude total do camiño será de 93 m.

Toda a actuación atópase na zona de cautela dun xacemento arqueolóxico.

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA36047002	Os Castros	105

2.1.14.- Camiño CS-5








Camiño de nova apertura aproveitando o trazado dun camiño existente. Nesta actuación pretendese realizar un movemento de terras mínimo para a execución dun camiño de 3,0 m da capa de rodaxe con cunetas de 0,5 m de profundidade máxima e 1 m. de anchura. O firme consistirá en 20 cm de material seleccionado a excepción do entronque cunha pista municipal onde se estenderán 15 cm de grava e triple rega superficial co obxecto de non contaminar con terras as pistas asfaltadas. A lonxitude total do camiño será de 58 m.

Toda a actuación atópase na zona de cautela dun xacemento arqueolóxico.

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA360047039	Agro do Padrugo/Os Cortizo	7

2.1.15.- Camiño CS-6











Camiño de nova apertura aproveitando o trazado dun camiño existente. Nesta actuación pretendese realizar un movemento de terras mínimo para a execución dun camiño de 3 m da capa de rodaxe con cunetas de 0,5 m de profundidade máxima e 1 m. de anchura. O firme consistirá en 20 cm de material seleccionado e 15 cm de zahorra artificial. A lonxitude total do camiño será de 162 m.

Para a súa execución será necesario a demolición e reposición co mesmo material dun muro de mampostos de pedras de peche de parcelas. Para producir a menor afección ao entorno demolerase únicamente o muro existente dunha soa marxe. Neste caso o da marxe dereita por ser de menores dimensións.

Toda a actuación atópase na zona de cautela de varios elementos patrimoniais.

Elemento	Nome	Distancia (m)
AC-24	Casa Martul	5
AC-35	Antiga Escola	85
AE-41	Cruceiro de Santa Baia	105
AE-42	Hórreo	130
AC-25	Casa Rectoral	215
AC-25-1/2	Muro exterior e muro de peche	190
AR-18	Igrexa Parroquial de Santa Baia	215
E-07	Corredoira Santa Baia 2	0

2.1.16.- Camiño CS-7








Camiño de nova apertura de 186 m de lonxitude. Nesta actuación pretendese realizar os desmontess e terrapléns necesarios para a execución dun camiño de 4 m de anchura da capa de rodaxe con cunetas de 0,5 m de profundidade máxima e 1 m. de anchura. O firme consistirá en 20 cm de material seleccionado a excepción do entronque coa pista asfaltada onde se estenderán 15 cm de grava e aplicarse triple rega superficial para impedir que os materiais granulares do camiño ensucien a pista municipal.

A parte inicial da traza atópase en zona de cautela de elementos patrimoniais catalogados.

Elemento	Nome	Distancia (m)
AC-22	Casa Nova	130
AC-21	Casa Rectoral	330
AR-14	Igrexa Parroquial Santiago	330
AE-34	Cruceiro	370
AE-36	Cruceiro das Procesións	395

2.1.17.- Camiño CS-8-1



Camiño de nova apertura de 186 m de lonxitude. Nesta actuación pretendese realizar os desmontess e terrapléns necesarios para a execución dun camiño de 4 m de anchura da capa de rodaxe con cunetas de 0,5 m de profundidade máxima e 1 m. de anchura. O firme consistirá en pedraplén e 20 cm de material seleccionado.

A parte final da traza atópase en zona de cautela de elementos patrimoniais catalogados.

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA36047003	Porta de Arcos	175
GA36047039	Agro do Padrugo	335

2.1.18.- Camiño CS-10




Camiño de nova apertura de 258 m de lonxitude aproveitando o trazado dunha vella corredoira. Nesta actuación pretendese realizar os desmontess e terrapléns necesarios para a execución dun camiño de 4 m de anchura da capa de rodaxe con cunetas de 0,5 m de profundidade máxima e 1 m. de anchura. O firme consistirá en pedraplén e 20 cm de material seleccionado e 15 cm de zahorra artificial.

A parte final da traza atópase en zona de cautela de elementos patrimoniais catalogados.

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA36047024	Castro de Alboldron/Coto dos Mouros	195

2.1.19.- Camiño CS-11







Consiste no acondicionamento dun camiño existente de 32 m de lonxitude cunha anchura variable de 5 a 3 m. Primeiramente procederase a demolición do pavimento de formigón xa existente, dado que se atopa en malas condicións debido a acción da cantidade de auga que baixa por el. Unha vez demolido procederase ao acondicionamento da explanación, regularización con 5 cm de zahorra artificial e execución dun pavimento de 20 cm de formigón con mallazo. Para que o auga que baixa por el circule unicamente por unha zona do camiño daraselle unha pendente única cara a zona do desmonte, onde se executara un murete de formigón armado de de 25 m de lonxitude, 0,5 m. de altura e 0,2 m. de espesor que servirá para a contención das terras e protección do desmonte frente a acción do auga. Dado que o caudal de auga que baixa polo camiño da servizo a un muiño, este non se verá afectado nin reducido trala actuación.

Toda a traza atópase en zona de cautela dun elemento patrimonial catalogado.

Elemento	Nome	Distancia (m)
AE-19	Hórreo	15
GA36047024	Castro de Alboldrón	80

2.1.20.- Camiño CS-16








Consiste no apertura dun novo camiño de 63 m de lonxitude e 3 m de anchura. Realizarase o movemento de terras mínimo para a execución do camiño e o firme a estender consistira e 20 cm de material seleccionado.

Toda a traza atópase en zona de cautela dun xacemento patrimonial catalogado.

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA36047064	Agro de Méndez	135

2.1.21.- Camiño CS-18











Consiste no acondicionamento e ensanche (ata 5 m da capa de rodaxe) dun camiño existente de 150 m de lonxitude para aumentar a seguridade viaria. Primeiramente procederase a demolición do pavimento de grava e regas existente, dado que se atopa en malas condicións con fochancas e deformación. Unha vez demolido procederase ao acondicionamento da explanación, regularización con 5 cm de zahorra artificial e execución dun pavimento de 20 cm de formigón con mallazo. Para

mantener un manancial existente executarse unha cuneta de seguridade de 1,15 m. de anchura e prolongarse un cruce de augas existente cunha tubaxe de PVC Ø250 (mesmo diámetro que o existente). Tamén será necesario a demolición con aproveitamento do material do muro de pedra da marxe dereita que posteriormente será reposto.

Toda a traza atópase en zona de cautela de dous elementos patrimoniais catalogados.

Elemento	Nome	Distancia (m)
AC-23	Pazo de Trasulfe	15
AC-45	Conxunto rural de Trasulfe	105

2.1.22.- Camiño CS-19








Consiste na apertura dun pequeno treito de 20 m de lonxitude por 4,75 m de anchura cuxo firme consistira en 5 cm de zahorra artificial e 20 cm de formigón con mallazo. O movemento de terras consisitirá na retirada da cuberta de terra vexetal.

Toda a traza atópase en zona de cautela de dous elementos patrimoniais catalogados.

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA36047A02	Agro da Pena Furada	195

2.1.23.- Camiño CS-27








Consiste na ampliación dun camiño existente ata 4 m de anchura de rodaxe. O firme consistira en 5 cm de zahorra de regularización e 20 cm de formigón con mallazo. Previamente será necesria a demolición do pavimento existente que presenta deformacións. Para a ampliación será necesaria a execución dun muro de mampostería de granito cunha altura media de 2,5 m (incluíndo cimentación). Para a mellora da seguridade viaria instalaranse 35 m de barreira de seguridade mixta (aceiro-madeira).

A maior parte da traza atópase en zona de cautela dun xacemento arqueolóxico catalogado.

Elemento	Nome	Distancia (m)
GA36047039	Agro do Padrugo	170

2.1.24.- Abanico 2








Esta actuación consiste na ampliación dos abanicos para mellorar a seguridade viaria do cruzamento. Na zona de ampliación o paquete de firme consistirá en 20 cm de zahorra artificial, 15 cm de grava e triple tratamento superficial. Para que o acabado da actuación sexa homoxéneo no firme actual procederase a un bacheo con grava e rega semiprofunda para posteriormente aplicar rega superficial e rega de selado.

Parte da actuación atópase na zona de cautela dun xacemento arqueolóxico e de dous elementos patrimoniais catalogados (segundo o PXOM).

Elemento	Nome	Distancia (m)
AC-23	Pazo de Trasulfe	15
AC-45	Conxunto rural de Trasulfe	105
GA36047002	Os Castros	185

2.1.25.- Abanico 3







Esta actuación, ao igual que a anterior, consiste na ampliación dos abanicos para mellorar a seguridade viaria do cruzamento. Na zona de ampliación o paquete de firme consistirá en 20 cm de zahorra artificial, 15 cm de grava e triple tratamento superficial. Para que o acabado da actuación sexa homoxéneo no firme actual procederase a un bacheo con grava e rega semiprofunda para posteriormente aplicar rega superficial e rega de selado.

A actuación atópase na zona de protección integral dun xacemento arqueolóxico e na zona de cautela doutro.


Elemento	Nome	Distancia (m)
GA36047003	Porta de Arcos	0 (Proteccion integral)
GA36047039	Agro do Padrugo/Os Cortizos	155

2.1.26.- Outros camiños con afección a elementos recollidos en traballos anteriores

Os seguintes camiños presentan afección a elementos recollidos en traballos anteriores realizados na ZRP:

Camiño	Elemento	Nome	Distancia (m)
C-5-5	E-16	Muro lindeiro do Camiño de Inverno a Santiago	3
C-6-6	E-21	--	0
S-10-8	E-05	Canastro de Romaces	7
S-10-11	E-11	Corredoira de Loureiro 2	0
S-10-16	E-07	Corredoira Santa Baia 2	0

2.1.27.- Afección ao Camiño de Santiago, Camiño de Inverno



A seguintes actuacións en camiño principais, xa existentes, entroncan coa traza do Camiño de Inverno: C-7-3, C-7-5, C-5-5, C-4-3 e C-4-9.

Nos camiño C-7-3 e C-4-3 ao entroncar con pistas municipais asfaltadas e para prevenir que os materiais granulares dos camiños manchen as pistas municipais, procederase oa asfaltado con grava e triple rega asfáltica do entronque. No caso do C-5-5, unicamente procederase ao bacheo con zahorra artificial. No C-7-5, dado que se trata dun camiño moi empregado por maquinaria pesada procederase ao asfaltado con 15 cm de grava e triple rega superficial e no camiño C-4-9 o entronque xa se atopa asfaltado con regas asfálticas e neste proxecto contémplase o estendido dunha capa de 5 cm de aglomerado en quente.

O seguinte camiño secundario entronca coa traza do Camiño de Inverno: CS-13. Dado que entronca cunha estrada titularidade da Deputación de Pontevedra EP-6201 e que presenta unha elevada pendente, proponse a súa pavimentación con formigón con mallazo, nunha anchura da capa de rodaxe de 4 m. Na súa marxe dereita executarase unha cuneta revestida trapezoidal, dado que baixa unha gran cantidade de auga. Na conexión deste cuneta coa obra de drenaxe existente na estrada da Deputación executarase un pozo de rexistro para baixar a velocidade da auga.

A actuación sobre o camiño secundario CS-20 atopase na traza do Camiño de Inverno.



Neste treito preténdese a mellora do camiño existente mediante a ampliación ata 4 m. da capa de rodaxe. O firme consistirá en 20 cm de material seleccionado. Neste camiño non se executarán cunetas, dándolle una pendente única cara o oeste. Será necesaria a demolición dun muro de pedra existente (con aproveitamento do material) e a súa reposición.





3.- IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS E RECOMENDACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS

3.1.- Proceso de reestruturación

O proceso de mellora da estrutura territorial ao abeiro da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia.

A citada lei ten o obxecto de establecer os mecanismos e recursos para a mellora da estrutura territorial das explotacións agrarias de Galicia, co fin de acadar os obxectivos que se recollen a continuación:

a. *Mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias en Galicia, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus cultivos e aproveitamentos, calquera*

que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva.

b. *Establecer, para os predios que non formen parte de explotacións agrarias, medidas de agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agrario, entendendo por tal a loita contra o abandono, a formación de novas explotacións ou a incorporación ás xa existentes, prestando especial atención ao apoio á constitución de iniciativas asociativas para o aproveitamento en común, conforme o disposto no número 3.3.12.a) do Decreto 19/2001, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.*

c. *Ordenar adecuadamente a estrutura territorial agraria e mitigar os efectos prexudiciais sobre a estrutura das explotacións por causa da execución de grandes obras públicas ou de explotación de coutos mineiros.*

d. *Facilitar a adecuación territorial de áreas con elevados valores medioambientais ou paisaxísticos, ou ben coa presenza dalgún elevado risco ambiental, de tal maneira que se potencie a conservación e a permanencia dos ditos valores ou se reduza a potencial incidencia do risco, a través da reorganización espacial e funcional da estrutura territorial existente.*

e. *Mitigar os efectos do cambio climático mediante o establecemento de medidas adecuadas e contribuír con actuacións de adaptación aos seus efectos.*

f. *Incrementar a sustentabilidade, competitividade e desenvolvemento integral do territorio rural mediante actuacións intensivas.*

g. *Incrementar a superficie das explotacións mediante a mobilización de predios de vocación agraria incluídos en perímetros en estado de abandono.*

h. *Apoiar as explotacións agrarias mediante a redución da tributación pola adquisición de explotacións agrarias e de elementos afectos e de predios rústicos.*

Para o cumprimento destes obxectivos procurarase:

a. *a) Agrupar as terras correspondentes a cada explotación, incluíndo as integradas en propiedade ou noutras formas de tenza, de tal forma que se mellore o máis posible a súa estrutura territorial.*

b. *b) Adxudicarlle a cada titular, na medida do posible, e sen prexuízo da alínea anterior, o menor número de predios de substitución, equivalentes ao conxunto das parcelas achegadas, unha vez efectuada a dedución sinalada no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, a recollida no artigo 32 desta lei.*

c. *c) Facilitar o acceso ás explotacións, priorizando a mellora da rede viaria existente sobre a de nova traza.*

d. *d) Establecer medidas de sustentabilidade e de protección e preservación da paisaxe e do medio ambiente.*

e. *e) Regularizar a propiedade, por medio da inmatriculación rexistral dos títulos de propiedade dos predios de substitución resultantes do proceso de reestruturación parcelaria, ademais do disposto nos artigos 56 e 57 desta lei.*

f. *f) Mobilizar para as explotacións os predios con vocación agraria en estado de abandono, facendo maior fincapé naqueles localizados nas zonas de concentración ou reestruturación parcelaria.*

g. *g) Ordenar e protexer os usos do solo con especiais aptitudes para a actividade agraria.*

A Lei 4/2015 no seu artigo 18 establece os pasos seguintes para levar a cabo o proceso de reestruturación parcelaria:

1. *O proceso de reestruturación parcelaria comprenderá as seguintes fases:*

   a) *Bases de reestruturación parcelaria.*

   b) *Acordo de reestruturación parcelaria.*

   c) *Acta de reorganización da propiedade.*

2. *No procedemento de reestruturación parcelaria inclúense as seguintes actuacións complementarias e necesarias para o seu desenvolvemento:*

   a) *A preparación dos planos parcelarios cartográficos.*

   b) *A elaboración do documento ambiental previo e do estudo de impacto ambiental, se é o caso.*

   c) *A elaboración do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.*

   d) *A elaboración do plan de obras.*

   e) *A implantación dos predios de substitución.*

f) A inmatriculación rexistral destes.

A presente zona atópase na fase da elaboración do plan de obras, e en concreto na realización do proxecto construtivo de REDE DE CAMIÑOS SECUNDARIOS. O plan de obras comprende:

a) <u>Redes de camiños principais e secundarios, para dotar de acceso, se é o caso, os novos predios de substitución.</u>

b) Accesos aos predios de substitución a partir da rede de camiños, se é o caso.

c) Obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos novos predios.

d) Se é o caso:

1º. Medidas correctoras determinadas no correspondente documento ambiental.

2º. Acondicionamento de regadíos xa existentes, construción de novos regadíos que se establezan como necesarios, canalización de augas e defensa de marxes.

3º. Captación e depuración de augas e redes de saneamento.

4º. Cargadoiros de madeira ou biomasa.

5º. Puntos de captación de auga.

6º. Obras inherentes á execución de polígonos agrarios para orientacións prioritarias segundo o sinalado no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

7º. Aproveitamento comunitario de enerxías alternativas e electrificación de núcleos rurais.

8º. Rede de pistas forestais, definidas así segundo a lexislación vixente en materia de montes.

e) En xeral, aquelas obras e melloras que beneficien as condicións agrarias e medioambientais da zona ou teñan por obxecto corrixir defectos nas infraestruturas agrarias.

3.2.- Accións do proceso de execución de pistas

Dende o momento no que se aproba o proceso, aparecen expectativas nos agricultores da zona sobre o destino das súas fincas, estas expectativas derivan en accións directas sobre elementos ambientais, unha acción moi típica neste punto é a eliminación do arborado e modificación do uso do solo, intentando lograr mellores condicións no proceso e evitar a exclusión das parcelas.

As actuacións que supoñen un maior numero de afeccións e impactos son as que operan con maquinaria, estas actuacións pódense resumir en dúas, o acondicionamento de fincas e a execución de camiños de servizo ás fincas de reemprazo. Os impactos producidos dependeran do trazado seleccionado e a forma de execución das obras, deste xeito unha boa elección no trazado dos camiños minimizará a xeración de residuos, vertidos e emisións.

Establecendo unha cronoloxía lóxica na realización dos traballos, e consoante cos criterios ambientais, as principais unidades de obra implicadas na construción de vías de servizo, son as seguintes:

- Marcaxe e levantamento de trazas
- Roza e rexeitamento da vexetación (herbácea e arbustiva)
- Transporte, carga e descarga de materiais
- Retirada (escavación) da capa superficial de terra vexetal (20-30 primeiros cm de chan) e abasto desta.
- Apertura de caixas dos camiños e formación de cunetas
- Perfilado e rasanteado
- Nivelación e compactación
- Construción das subbases e bases dos camiños
- Construción de firmes e refino de cunetas
- Reposición da terra vexetal previamente acopiada.

Para a realización destas obras a maquinaria precisa, é a seguinte:

- Motoniveladoras
- Compactadotas e/ou apisoadoras
- Retroescavadoras sobre pneumáticos
- Retroescavadoras de cadeas

- Martelos hidráulicos
- Pas cargadoras sobre pneumáticos
- Estabilizadoras
- Tractor de rodas
- Tractor de eirugas
- Cribadoras vibrantes
- Camións basculantes
- Camións dúmper
- Camións grúa
- Bulldozer
- Formigoneiras
- Camión cisterna para rego asfáltico

Pola súa banda, entre os materiais máis comúns a utilizar que poden citarse encóntranse os seguintes:

- Formigóns e morteiros de cemento
- Zahorras
- Material seleccionado
- Macadam e/ou materiais reciclados (RCDs) para as bases dos camiños
- Regos asfálticos
- Estruturas prefabricadas de formigón: taxeas, cunetas, obras de fábrica para drenaxes transversais, tubos, etc.
- Madeira para encofrados

4.- IDENTIFICACIÓN, CARACTERIZACIÓN E VALORACIÓN DE ALTERACIÓNS OU IMPACTOS

4.1.- Identificación de accións susceptibles de producir impacto.

O proceso de concentración divídese en tres etapas ben diferenciadas, a continuación exporanse as accións susceptibles de producir impacto en cada unha das fases e o tipo de efecto ou efectos que provocan.

As fases do proceso de concentración parcelaria e as súas etapas detállanse a continuación:

1. **Fase de formulación**
    a. Proxecto e Acordo de reestruturación da propiedade
    b. Proxectos de infraestruturas
2. **Fase de execución**
    a. Replanteo de novas fincas e colocación de marcos
    b. Proxecto de Obras, camiños e obras complementarias.
3. **Fase de explotación**
    a. Toma de posesión das novas fincas de reemprazo
    b. Uso da rede viaria
    c. Uso das obras complementarias

A partir destas etapas, preséntanse a continuación as accións inherentes ás mesmas e os impactos que estas xeran no medio ambiente, destacando en sombreado/negrita as que afectan o presente proxecto.

- **Fase de formulación**

ETAPAS DO PROCESO		ACCIÓNS SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR IMPACTOS	EFECTOS
a. Proxecto e Acordo de reestruturación da propiedade	Bases da concentración parcelaria	Expectativas dos agricultores afectados sobre o destino futuro das súas parcelas	Eliminación do arborado. Modificación dos usos do solo: intensificación abusiva e/ou abandono das mesmas. Aumento do número de novas construcións. Mellora do coñecemento da toponimia local. Incidencia social.
	Proxecto e acordo de reestruturación	Deseño de novas fincas	Eliminacións, en etapas futuras de execución e explotación, de lindes arborados, valados de pedra, sebes, etc. entre parcelas.
b. Proxecto de infraestruturas		Planificación do novo viario	· Talla de aliñacións de árbores sobre todo nas beiras dos camiños existentes

- **Fase de execución**

ETAPAS DO PROCESO	ACCIÓNS SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR IMPACTOS	EFECTOS
Replanteo de novas fincas e colocación de marcos	Replánteo de novas fincas	Eliminación e/ou transformación das zonas de vexetación autóctona e das sebes vexetais. Alteración da vexetación de ribeira. Eliminación de hábitats pola perda da vexetación. Impacto sobre a fauna. Impactos sobre a paisaxe. Impactos sobre os usos solo. Incidencia social. Impacto sobre o patrimonio cultural.
Proxecto de obras	Construción dos novos camiños de servizo e mellora da rede viaria actual. Mellora de infraestruturas de drenaxe	· Alteración do medio pola situación de instalacións auxiliares de obra e deposito de materiais. · Aporte de sementes alóctonas. · Modificación de relevo. · Compactación do solo. · Desestabilización de noiros. · Perda do solo. · Posibles vertidos ou perdas de lubricantes e combustibles ao terreo · Cambios nos procesos erosión-sedimentación · Aumento de po e emisións atmosféricas. · Aumento de ruídos e vibracións. · Destrución da capa vexetal · Eliminación de masas de arborado. · Eliminación de hábitats de interese. · Alteración da vexetación de ribeira. · Alteración do medio acuático · Perturbacións á fauna. · Perda de biodiversidade. · Alteración da paisaxe. · Incidencia social. · Deterioro do patrimonio etnográfico. · Impactos sobre os xacementos arqueolóxicos.

- Fase de explotación

ETAPAS DO PROCESO	ACCIÓNS SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR IMPACTOS	EFECTOS
Toma de posesión das novas fincas de reemprazo, acondicionamento e explotación das mesmas		Mudanza de uso das fincas de reemprazo. Eliminación de árbores e vexetación autóctona. Eliminación das masas de arborado. Alteración da vexetación de ribeira. Eliminación de hábitats de interese. Impacto sobre a fauna. Alteración da paisaxe. Cambios de cultivo nas fincas de reemprazo. Intensificación da labra, mecanización e cultivo. Incremento do uso de fitosanitarios e plaguicidas, queima de restos vexetais. Perda de solo por erosión Procesos de escorrenta Perda de biodiversidade Aumento temporal do risco de incendios. Favorecer a aparición de enfermidades patóxenas Dificultar o tránsito pola zona de concentración parcelaria. Repercusións socioeconómicas da concentración. Incidencia social. Impacto sobre o patrimonio cultural. Perda do uso da toponimia local.
Uso da rede viaria e obras complementarias		· Alteracións ambientais polo aumento do tráfico rodado: po, emisións atmosféricas, ruído. · Perturbacións á fauna. · Efecto barreira para a fauna. · Incremento da mortalidade da fauna por atropelos. · Repercusións socioeconómicas da concentración. · Incidencia social. · Mellora da accesibilidade ás parcelas, facilitando as condicións de explotación das mesmas. · **Aumento de visitantes foráneos: turistas, cazadores…** · Aumento da urbanización difusa

4.2.- Identificación de factores do medio susceptibles de recibir impacto.

A complexidade do entorno fai necesario simplificar a súa composición, deste xeito realízase unha descomposición ata chegar aos factores de relevancia, que sexan fáciles de identificar, localizar e medir. Os factores unha vez organizados e simplificados para este estudo son os seguintes:

Medio Físico-Natural	Atmosfera e clima	Calidade do aire Confort sonoro
	Xeoloxía e a xeomorfoloxía	Relevo e carácter topográfico. Edafoloxía. Contaminación de solos e subsolos Procesos erosivos
	Hidroloxía	Redes de drenaxe Temperatura de augas superficiais Augas subterráneas Áreas de descarga de acuíferos Contaminación de augas
	Vexetación	Bosque arborado Lindeiros e sebes Matogueira degradada Cultivos e prados
	Fauna	Hábitats e corredores Poboacións e especies Pautas de comportamento
	Calidade paisaxística	
	Patrimonio cultural	
	Usos do solo	Agricultura Gandería Uso de vías

Medio Socioeconómico	Poboación	Aceptación social do proxecto Estrutura da propiedade Movementos migratorios
	Emprego	
	Renda	

	Actividades económicas
	Rede de estradas
	Núcleos rurais

4.3.- Identificación de las acciones susceptibles de generar impactos (Proxecto de camiños principais).

- En fase de formulación

  - Proxectos de reestruturación da propiedade e infraestruturas
    - Planificación do novo viario

- En fase de obra

  - Construción da nova rede de camiños e infraestrutura asociada
    - Sinalización e balizamento
    - Marcaxe e levantamento de trazas
    - Roza, rexeitamento da vexetación (herbácea e arbustiva)
    - Tallas de arboredo
    - Escavación e abasto de terra vexetal
    - Transporte, carga e descarga de materiais
    - Apertura de caixas dos camiños e formación de cunetas
    - Perfilado e rasanteado
    - Nivelación e compactación
    - Construción das subbases e bases dos camiños
    - Construción de firmes e refino de cunetas
    - Construción de drenaxes transversais
    - Reposición da terra vexetal previamente acopiada
    - Ocupación do chan por zona de instalacións auxiliares e parque de maquinaria
    - Necesidade de man de obra: actividade económica e dinámica xeral das obras
    - Xestión axeitada de residuos
    - Eliminación de materiais, rehabilitación de danos e restauración de superficies afectadas

- En fase de explotación
  - Ocupación de chan e presenza de viais e outra infraestrutura asociada
  - Utilización da rede de camiños
  - Novas prácticas agrícolas

4.4.- Matriz de identificación de impactos

FACTOR AMBIENTAL	TIPO DE EFECTO	ACCIÓNS DO PROXECTO NAS DISTINTAS FASES		
		FORMULACIÓN	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
MEDIO FÍSICO				
ATMÓSFERA/CLIMA	Cambios calidade aire (aumento de polvo en suspensión e contaminantes)		Movementos terra e escavacions Movemento de maquinaria e vehículos	Tráfico de vehículos e maquinaria agrícola
	Aumento niveis sonoros			
XEOLOGÍA, XEOMORFOLOXÍA E SOLO	Cambios no relieve		Preparación do terreo Movementos terra e escavacions Despexe e desbroce Vertidos accidentais Almacenamento/acopio materiais	Presencia de camiños
	Incremento riscos erosivos			
	Pérdida e ocupación do solo			
	Contaminación do solo			
HIDROLOXÍA	Alteracíons e modificacións das líneas de drenaxe e/ou erosións e sedimentacións nas marxes e leitos dos cursos fluviais		Movementos terra e escavacions Adecuación vías de acceso xa existentes Vertidos accidentais nalgunhas accións	Restitución de caudais recollidos polas obras de drenaxe: erosión ou sedimentación
	Incorporación de sólidos en suspensión e/ou alteración da calidade das augas suerficiais			
	Alteración o disminución da calidade das augas subterráneas			

FACTOR AMBIENTAL	TIPO DE EFECTO	ACCIÓNS DO PROXECTO NAS DISTINTAS FASES		
		FORMULACIÓN	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
MEDIO BIOLÓGICO				
VEXETACIÓN	Afección á vexetación debida á modificación da dinámica das explotacións		Despexe e desbroce do terreo Tala de arboado Movementos terra e escavacions Operacións da maquinaria Situacións accidentaiss	
	Eliminación vexetación e de hábitats de interese comunitario			
	Degradación vexetación			
	Incremento do risco de incendios			
	Perdida de hábitats naturais			
FAUNA	Alteración, eliminación ou diminución dos hábitats		Despexe e desbroce do terreo Construcción de viais Movemento de maquinaria e vehículos	Presencia de novas infraestructuras viaria Movemento vehículos
	Alteración das pautas de comportamiento			
	Eliminación directa de exemplares			
	Efecto barreira sobre a fauna terrestre			

FACTOR AMBIENTAL	TIPO DE EFECTO	ACCIÓNS DO PROXECTO NAS DISTINTAS FASES		
		FORMULACIÓN	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
MEDIO SOCIOECONÓMICO				
POBLACIÓN	Mellora no emprego		Demanda de man de obra local Obras construtivas Movemento de maquinaria	Novas prácticas agrícolas máis rentables
	Molestias á poboación			
SECTORES ECONÓMICOS	Dinamización económica		Demanda de man de obra Ocupación do solo por construción de viais	Presencia de viais e outras infraestruturas Novas prácticas agrícolas máis rentables
	Cambios no uso do solo e nos aproveitamentos do uso do solo e nos aproveitamentos e/ou uso abusivo da explotacións do solo por intensificación do laboreo, mecanización, cultivo e tratamentos fitosanitarios e plaguicidas			
	Abandono de terras			
	Novas roturacións			
	Proliferación de peches e novas construcción			

FACTOR AMBIENTAL	TIPO DE EFECTO	ACCIÓNS DO PROXECTO NAS DISTINTAS FASES		
		FORMULACIÓN	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
MEDIO SOCIOECONÓMICO				
	Mellora da infraestrutura viaria e incremento da accesibilidade Mellora das condicións de explotación das fincas Incidencia socioeconómica da concentración parcelaria			
SISTEMA TERRITORRIAL	Alteración do planeamento urbanístico Afección a espazos naturais Afección a cotos de caza e pesca Afeccións a explotacións mineiras		Despexe e desbroce Ocupación do solo Tránsito de vehículos e maquinaria	Presencia e utilización da nova infraestrutura viaria
INFRAESTRUTURAS	Afección a viais existentes e a outros servizos		Transporte de materiais e equipos Construción de novos viais e infraestrutura asociada	Trafico de vehículos y maquinaria agrícola
PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO, ARQUEOLÓxICO, CULTURAL Y ETNOGRÁFICO	Impactos sobre a toponimia local Eliminación, deterioro e/ou transformación de muros e lindes u outros elementos tradicionais Riscos de afección ó patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico	Elaboración de bases y proyectos de reestructuración de la propiedad	Apertura e/ou mellora de accesos Preparación do terreo Nova estrutura da propiedade	Presencia de infraestrutura
MEDIO PERCEPTUAL				
PAISAXE	Alteración do paisaxe		Despexe e desbroce do terreo Eliminación de elementos singulares: arbolados, sebes, muros, etc. Escavacións, terraplenados, etc. Presencia de maquinaria e instalaciones de obra Construción de viais en xeral	

4.4.1.- Resumo dos impactos identificados

Da matriz de identificación de impactos, pódense extraer a grandes trazos os factores ambientais e socioeconómicos susceptibles de recibir impacto, sexa positivo ou negativo, deste xeito configurase a seguinte lista onde cada impacto é facilmente recoñecible:

- Alteración da calidade do aire.
- Aumento dos ruídos e perda de confort sonoro.
- Modificación do relevo.
- Alteración e contaminación da edafoloxía da zona.
- Alteración da calidade da auga dos cursos fluviais.
- Procesos erosivos e de escorrenta superficial.
- Impactos sobre a vexetación.
- Impactos sobre a fauna.
- Impactos sobre a paisaxe.
- Alteración dos usos do solo.
- Variación no risco de incendios forestais.
- Risco de perda ou alteración do patrimonio histórico.
- Incidencia social, modificación do emprego da zona e variación nos niveis de renda.

4.4.2.- Descrición dos impactos

- Alteración da calidade do aire

A afección producida levarase a cabo sobre todo na fase de execución das obras inherentes a concentración parcelaria e na fase de explotación, o tránsito de maquinaria pesada, os movementos de terra, os amoreamentos de materiais extraídos… na fase de obra aumentará o nivel de po na atmosfera e puntualmente o nivel de emisións por parte da maquinaria empregada, na fase de explotación espérase un aumento e intensificación da explotación dos predios e un aumento da mecanización dos labores do campo debido a mellora na accesibilidade as fincas de reemprazo, estas accións traerán consigo un aumento do po atmosférico debido ao transito de maquinaria agrícola e a súa vez un aumento das emisións atmosféricas.

- Aumento dos ruídos e perda do confort sonoro.

Esta afección desenrolase nas mesmas fases que a anterior, ademais a perda de confort sonoro esta relacionada estreitamente coas actividades xeradoras de afección no apartado anterior, deste xeito a alteración do confort sonoro na ZRP deberase ao transito de maquinaria na fase de obra e a intensificación da mecanización dos labores agrícolas ou forestais na fase de explotación, aínda que esta perturbación restrinxirase a un horario diúrno xa que non se levaran tarefas de obra nin de explotación agrícola ou forestal en horario nocturno.

- Modificación do relevo

A construción de novas pistas inflúe na morfoloxía da zona de estudo, os movementos de terras asociados a fase de execución tamén son susceptibles de alterar o relevo natural. Na construción das novas pistas crearanse desmontes e terrapléns que afectaran ao relevo da zona e alteraran a paisaxe orixinal.

- Alteración e contaminación da edafoloxía da zona

A apertura de novas pistas, na fase de execución, o amoreamento de materiais, e depósitos de sobrantes, levan consigo a eliminación ou compactación da capa de terreo máis superficial, isto provocará unha afección sobre a edafoloxía de non se tomar medidas preventivas.

Definición: Nº de xornadas perdidas por cada accidente con baixa.

Cálculo D.M.I.: Nº xornadas perdidas por accidente por nº accidentes con baixa.

3.12 Actuación en caso de accidentes

Para accidentes de pequena envergadura, pequenas feridas ou golpes, realizarase a primeira cura na caixa de primeiros auxilios de obra. En casos de maior entidade trasladarase ao afectado, inmediatamente, ao Centro Hospitalario máis próximo, cuxa dirección e teléfono co mapa M itinerario a seguir, deberá figurar no taboleiro de obra, así como o servizo de ambulancias máis próximo.

Os accidentes laborais serán notificados á Dirección Facultativa e ao Técnico Coordinador de seguridade da obra, para que proceda a visitar o lugar do accidente e a notificación administrativa dos mesmos, axustarase á normativa vixente

Respetándose calquera modelo normalizado que puidese ser de uso habitual na práctica do Contratista; os partes de accidente e deficiencias observadas, recollerán como mínimo os seguintes datos cunha tabulación ordenada:

A Parte de accidente:

- Identificación da obra.
- Data e hora en que se produciu o accidente.
- Nome do accidentado.
- Categoría profesional e oficio do accidentado. Domicilio do accidentado.
- Lugar ou tallo de obra en que se produciu o accidente. Causas do accidente.
- Importancia aparente do accidente.
- Posible especificación sobre fallos humanos,
- Lugar, persoa e forma de producirse a primeira cura.
- Lugar de traslado para hospitalización.
- Testemuñas do accidente, con verificación nominal e versión dos mesmos.

Como complemento desta parte, emitirase un informe cos extremos seguintes:

- Como puidésese evitar o accidente?.
- Ordenes inmediatas para executar que se implantaron.

B Parte de deficiencias:

- Identificación da obra.
- Data en que se produciu a observación.
- Lugar ou tallo en que se fixo a observación.
- Informe sobre a deficiencia observada.
- Estudo de mellora da deficiencia en cuestión

3.13 Estatísticas

As partes de deficiencias disporanse debidamente ordenados por datas, desde a orixe da obra ata a súa terminación, e complementaranse coas observacións feitas polo Comité de Seguridade e as normas executivas dadas para subsanar as anomalías observadas.

Os partes de accidente se os houber, disporanse da mesma forma e método que as partes de deficiencias.

Os índices de control, levaranse a un estadillo mensual, con gráficos de dentes de serra, que permitan facerse unha idea clara da evolución dos mesmos, cunha superficial inspección visual; no eixe de abscisas colocaranse os meses do ano e no de ordenadas os valores numéricos do índice correspondente.

3.14 Seguro de responsabilidade e risco de construción

Será preceptivo na obra, que os Técnicos responsables, dispoñan de cobertura en materia de responsabilidade civil profesional.

Así mesmo, o Contratista, debe dispor de cobertura de responsabilidade civil no exercicio da súa actividade industrial, cubrindo o risco inherente á súa actividade corno construtor, polos danos a terceiras persoas de que poida resultar responsabilidade civil extra contractual ao seu cargo, por feitos nados de culpa ou neglixencia imputable ao mesmo ou ás persoas de que debe responder.

Enténdese que esta responsabilidade civil debe quedar ampliada ao campo da responsabilidade civil patronal.

3.15 Sinalización vial.

Os sinais, balizas, etc, utilizadas en sinalización de obras cumprirán as especificacións fixadas para as mesmas no Prego Xeral PG-3 e modificacións ao mesmo aprobadas posteriormente.

O Contratista vén obrigado á contratación dun seguro na modalidade de todo risco á construción durante o prazo de execución da obra, con ampliación dun período de mantemento dun ano, contado a partir da data de terminación definitiva das obras.

Pontevedra, Abril de 2025

O Enxeñeiro Autor

Alberto J. Fernández Conde
Enxeñeiro Agrónomo
Por Estudio Técnico Gallego, S.A.

4 PRESUPOSTO

A unidades que forman parte do presuposto de Seguridade e Saúde atópanse valoradas no Presuposto Xeral do Proxecto, Capítulo Seguridade e Saúde por un importe de SETE MIL NOVECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS // 7.991,65.- €//.

Pontevedra, Abril de 2025

O Enxeñeiro Autor

Alberto J. Fernández Conde
Enxeñeiro Agrónomo
Por Estudio Técnico Gallego, S.A.

ANEXO Nº12

XESTIÓN DE RESIDUOS

ÍNDICE

1. ANTECEDENTES
2. MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE XERACIÓN DE RESIDUOS
3. MEDIDAS PARA A SEPARACIÓN DE RESIDUOS
4. ORGANIZACIÓN DA OBRA
5. PRESCRICIÓNS TÉCNICAS
6. TÁBOA DE RESIDUOS ESTIMADOS E VALORACIÓN
   6.1 Execución de camiños
7. OPERACIÓNS DE XESTIÓN E DESTINO FINAL
8. XESTORES DE RESIDUOS MÁIS PRÓXIMOS
9. PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS EN RELACIÓN CO ALMACENAMENTO, MANEXO E SEPARACIÓN
   9.1 Prescricións xerais
      9.1.1. Xestión de residuos de construción e demolición
      9.1.2. Certificación dos medios empregados
      9.1.3. Limpeza das obras
      9.1.4. Prescripcións específicas
10. PRESUPOSTO

1. ANTECEDENTES

O presente estudio de Xestión de Residuos de Construción redáctase baseándose no Proxecto " **PROXECTO DE CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA DE CAMIÑOS PRINCIPAIS E ACCESO A PREDIOS NA ZRP DE VAL DE CAMBA (RODEIRO - PONTEVEDRA)**, de acordo co R.D. 105/2008 polo que se regulan a produción e xestión de residuos de construción e demolición.

O presente Estudio realiza unha estimación dos residuos que se prevé que se producirán nos traballos directamente relacionados coa obra e haberá de servir de base para a redacción do correspondente Plan de Xestión de Residuos por parte do construtor.

As obras a levar a cabo son as seguintes:

- Movementos de terras e demolicións
- Afirmado.
- Obras de drenaxe.
- Sinalización.

2. MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE XERACIÓN DE RESIDUOS

A maior parte dos residuos que se xeran na obra son de natureza non perigosa. Para este tipo de residuos non se prevé ningunha medida específica de prevención máis alá das que implican un manexo coidadoso.

Con respecto ás moderadas cantidades de residuos contaminantes ou perigosos, trataranse con precaución e preferiblemente retiraranse da obra a medida que se vaian empregando. O construtor encargarase de almacenar separadamente estes residuos ata a súa entrega ao "xestor de residuos" correspondente e, no seu caso, especificará nos contratos a formalizar cos subcontratistas a obriga destes de retirar da obra todos os residuos xerados pola súa actividade, así como de responsabilizarse da súa xestión posterior.

Prevese así mesmo, a instalación dunha caseta de almacenaxe de produtos sobrantes reutilizables, de modo que en ningún caso poidan enviarase a vertedoiros senón que se proceda ao seu aproveitamento posterior por parte do construtor.

3. MEDIDAS PARA A SEPARACIÓN DE RESIDUOS

Mediante a separación de residuos facilítase o seu reemprego, valorización e eliminación posterior. Baseándose no artigo 5.5 do RD 105/2008, os residuos deberán separarse cando, de forma individualizada para cada unha das fraccións, a cantidade prevista de xeración para o total da obra supere as seguintes cantidades:

Formigón	80 t.
Ladrillos, tellas, cerámicos	40 t.
Metais	2 t.
Madeira	1 t.
Vidro	1 t.
Plásticos	0,5 t.
Papel e cartón	0,5 t.

Prevense as seguintes medidas:

Para a separación dos residuos perigosos que se xeren disporase dun colector axeitado a situación do cal variará ao longo da traza por tratarse dunha obra lineal.

Contarase con todas as autorizacións que resulten necesarias para a xestión e transporte dos residuos xerados nas obras, conforme á normativa que lle é de aplicación. Ademais o produtor, segundo indica o RD105/2008 do 1 de febreiro, disporá da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición producidos foron xestionados, na obra ou entregados a unha instalación de valorización o de eliminación autorizada.

Unha parte dos residuos xerados poderán reciclarse na propia obra, como é o caso do terreo procedente da escavación tanto de gabias coma de desmontes ou cimentacións, que se pode empregar no recheo dos terrapléns, mentres que os materiais como ferro e aceiro poderán destinarse á valorización.

Os materiais que conteñen amianto son residuos perigosos segundo a directiva 91/689/CEE do consello do 12 de Decembro de 1991 relativa a residuos perigosos e polo tanto deberán eliminarse por medio dun xestor autorizado.

4. ORGANIZACIÓN DA OBRA

As máquinas asentaranse en varios puntos dependendo do tramo no que estean a traballar. Eses puntos non interferirán co tráfico da estrada e a súa localización xerará o mínimo impacto ambiental: non se localizarán cerca de canles de auga nin en zonas con flora ou fauna protexida ou especialmente sensible.

Para os accesos ás distintas trazas intentarase utilizar, na medida posible, camiños xa existentes de maneira que non sexan necesarios desmontes, terrapléns ou tallas de árbores para habilitalos.

Utilizaranse na medida posible, materiais reciclados e amigos do medio tratando de cumprir un dos obxectivos fixados.

Para as zahorras utilizarase o máxima porcentaxe posible de áridos procedentes de plantas de reciclado de inertes, sempre que se comprobe mediante ensaios que cumpren as prescricións mínimas para o seu uso en firmes.

Establecerase un punto limpo na obra, con colectores específicos para cada tipo de residuo. Os colectores estarán debidamente identificados cos seus adhesivos correspondentes.

En obra disporase dun manual de boas prácticas ambientais, que estará a disposición de todo o persoal da obra. O persoal subcontratar será informado a través dunha circular ambiental.

5. PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

Establécense as seguintes prescricións específicas no relativo á xestión de residuos:

- Prohíbese o depósito en vertedoiro de residuos de construción e demolición que non fosen sometidos a algunha operación de tratamento previo.
- Ademais das obrigas previstas na normativa aplicable, a persoa física ou xurídica que execute a obra estará obrigada a presentar á propiedade desta un plan que reflicta como levará a cabo as obrigas que lle incumban en relación cos residuos de construción e demolición que se vaian producir na obra. O plan, unha vez aprobado pola dirección facultativa e aceptado pola propiedade, pasará a formar parte dos documentos contractuais da obra.
- posuidor de residuos de construción e demolición, cando non proceda a xestionalos por si mesmo, e sen prexuízo dos requirimentos do proxecto aprobado, estará obrigado a entregalos a un xestor de residuos ou participar nun acordo voluntario ou convenio de colaboración para a súa xestión. Os residuos de construción e demolición destinaranse preferentemente, e por esta orde, a operacións de reemprego, reciclado ou a outras formas de valorización.
- A entrega dos residuos de construción e demolición a un xestor por parte do posuidor haberá de constar en documento fidedigno, no que figure, polo menos, a identificación do posuidor e do produtor, a obra de procedencia e, se é o caso, o número de licenza da obra, a cantidade, expresada en toneladas ou en metro cúbicos, ou en ambas as dúas unidades cando sexa posible, o tipo de residuos entregados, codificados conforme á lista europea de residuos publicada por Orde MAM/304/2002, de 8 de febreiro, ou norma que a substitúa, e a identificación do xestor das operacións de destino.
    - posuidor dos residuos estará obrigado, mentres se atopen no seu poder, a mantelos en condicións axeitadas de hixiene e seguridade, así como a evitar a mestura de fraccións xa seleccionadas que impida ou dificulte a súa posterior valorización ou eliminación.
- Cando o xestor ao que o posuidor entregue os residuos de construción e demolición efectúe unicamente operacións de recollida, almacenamento, transferencia ou transporte, no documento de entrega deberá figurar tamén o xestor de valorización ou de eliminación ulterior ao que se destinarán os residuos. En todo caso, a responsabilidade administrativa en relación coa cesión dos residuos de

construción e demolición por parte dos posuidores aos xestores rexerase polo establecido no artigo 10/1998, do 21 de abril.

6. TÁBOA DE RESIDUOS ESTIMADOS E VALORACIÓN

Dadas as características da obra proxectada e á falta de precedentes no estudio de volumes de residuos xerados en obra civil, tomáronse uns valores estimativos en función da superficie de actuación e das medicións parciais das partidas susceptibles de xerar residuos. As labores correspondentes ao capítulo de mellora de acceso a predios non se tiveron en conta neste capítulo xa que consisten basicamente en pequenos movementos de terras que non xerarán residuos (os restos vexetais procedentes dos despejes serán amontoados nas marxes das distintas actuacións).

Non se teñen en conta nesta estimación aqueles materiais que se teñen en conta no correspondente Plan de Residuos do construtor (residuos de reparacións de maquinaria, pilas, baterías…). A devandita estimación codificouse de acordo ao establecido na Orde MAM/304/2002 e seguindo a seguinte tipoloxía de obra:

1- Execución de camiños principais e secundarios

Superficie de actuación: 129811,93 m²

Ratio de residuos considerados: 0,001 m³/m²

2- Restos pétreos e terras procedentes da escavación

Volume: 3.069 m³

6.1 Execución de camiños

TERRAS E PÉTREOS DA ESCAVACIÓN		
	1. TERRAS E PÉTREOS DA ESCAVACIÓN	
X	17 05 04	Terras e piedras distintas das especificadas no código 17 05 03
	17 05 06	Lodos de drenaxe distintos dos especificados no código 17 05 05
	17 05 08	Balasto de vías férreas distinto do especificado no código 17 05 07
RESTO RDCs		
	RCD: Natureza non pétrea	
	1. Asfalto	
X	17 03 02	Mesturas bituminosas distintas das especificadas no código 17 03 01
	2. Madeira	
X	17 02 01	Madeira
	3. Metais	
	17 04 01	Cobre, bronce, latón
	17 04 02	Aluminio
	17 04 03	Chumbo
	17 04 04	Zinc
X	17 04 05	Ferro e aceiro
	17 04 06	Estaño
X	17 04 07	Metais mesturados
	17 04 11	Cables distintos dos especificados no código 17 04 10
	4. Papel	
X	20 01 01	Papel e cartón
	5. Plástico	
X	17 02 03	Plástico
	6. Vidro	
X	17 02 02	Vidro
	7. Xeso	
	17 08 02	Materiais de construción a partir de xeso distintos dos especificados no código 17 08 01
	RCD: Natureza pétrea	
	1. Area Grava e outros áridos	
X	01 04 08	Residuos de grava e rochas trituradas distintos dos mencionados no código 01 04 07
X	01 04 09	Residuos de area e arxilas
	2. Formigón	
X	17 01 01	Formigón
	3. Ladrillos , azulexos e outros cerámicos	
	17 01 02	Ladrillos
	17 01 03	Tellas e materiais cerámicos
X	17 01 07	Mesturas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos, distintas das especificadas no código 17 01 06
	4. Pedra	
X	17 09 04	Residuos mesturados de construción e demolición distintos dos especificados nos códigos 17 09 01, 17 09 02 e 17 09 03
	RCDs: Basuras, Potencialmente perigoso e outros	
	1. Basuras	
X	20 02 01	Residuos biodegradables
X	20 03 01	Mesturas de residuos municipais
	2. Potencialmente perigoso e outros	
	17 01 06	Mesturas, ou fraccións separadas, de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos, que conteñen substancias perigosas
	17 02 04	Vidro, plástico e madeira que conteñen substancias perigosas ou están contaminadas por elas
	17 03 01	Mezclas bituminosas que contienen alquitran de hulla
	17 03 03	Alcatrán de hulla e produtos alcatranados
	17 04 09	Residuos metálicos contaminados con substancias perigosas
	17 04 10	Cables que conteñen hidrocarburos, alcatrán de hulla e outras substancias perigosas
	17 06 01	Materiais de illamento que conteñen amianto
	17 06 03	Outros materiais de illamento que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas
	17 06 05	Materiais de construción que conteñen amianto
	17 08 01	Materiais de construción a partir de xeso contaminados con substancias perigosas
	17 09 01	Residuos de construción e demolición que conteñen mercurio
	17 09 02	Residuos de construción e demolición que conteñen PCB (por exemplo, seladores que conteñen PCB, revestimentos de piso a partir de resinas que conteñen PCB, vidros dobres que conteñen PCB, condensadores que conteñen PCB)
	17 09 03	Outros residuos de construción e demolición (incluídos os residuos mesturados) que conteñen substancias perigosas
	17 06 04	Materiais de illamento distintos dos especificados nos códigos 17 06 01e 17 06 03
	17 05 03	Terra e pedras que conteñen substancias perigosas
	17 05 05	Lodos de drenaxe que conteñen substancias perigosas
	17 05 07	Balasto de vías férreas que contén substancias perigosas
	15 02 02	Absorventes contaminados (trapos,…)
X	13 02 05	Aceites usados (minerais no clorados de motor,…)
	16 01 07	Filtros de aceite
	20 01 21	Tubos fluorescentes
	16 06 04	Pilas alcalinas e salinas
	16 06 03	Pilas botón
X	15 01 10	Envases vacíos de metal ou plastico contaminado
	08 01 11	Sobrantes de pintura ou barnices
	14 06 03	Sobrantes de disolventes no haloxenados
X	07 07 01	Sobrantes de desencofrantes
X	15 01 11	Aerosoles vacios
	16 06 01	Baterías de plomo
	13 07 03	Hidrocarburos con auga
X	17 09 04	RDCs mesturados distintos códigos 17 09 01, 02 e 03

ESTIMACION DE LOS RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN Y DEMOLICIÓN (RCDs)	
Proxecto	Val de Camba - Camiños secundarios
Situación	Rodeiro (Pontevedra)

1.- Datos Xerais do Proxecto

Tipoloxía da obra	**Carreteras** , con obras anexas de **Otros**
Superficie total construida	**129811,93 m²**
Volume estimado de terras sobrantes	**3069,00 m³**
Factor de estimación total de RCDs	0,00100 m³/m²
Densidade media dos materiais	1,25 T/m³
Factor medio de esponxamiento de RCDs	1,25
Factor medio de esponxamiento de terras	1,15
Presuposto estimado da obra	--

2.- Evaluación global de RCDs

	S	V	d	R	T
	Superficie Construida	Volume aparente RCDs	Densidade media de los RCDs	Previsión de reciclaxe en %	Toneladas estimadas RDCs
Terras e pétreos procedentes da escavación estimados directamente dende os datos de proxecto	-	3.069 m³	1,25 T/m³	0,00%	**4.412 T**
RDCs distintos dos anteriores evaluados mediante estimacións porcentuais	129.812 m²	130 m³	1,25 T/m³	-	**203 T**

3.- Evaluación teórica do peso por tipoloxía de RCDs

	%	Tn	d	R	Vt
	% del peso total	Toneladas brutas de cada tipo de RDC	Densidad media (T/m³)	Previsión de reciclaje en %	Volumen neto de Residuos (m³)
RCD: Natureza non pétrea					
1. Asfalto	5,00%	10,14	1,30	0,00%	7,80
2. Madeira	0,40%	0,81	0,60	50,00%	0,68
3. Metais	0,90%	1,83	1,50	0,00%	1,22
4. Papel	0,20%	0,41	0,90	100,00%	0,00
5. Plástico	0,20%	0,41	0,90	0,00%	0,45
6. Vidro	0,40%	0,81	1,50	0,00%	0,54
7. Xeso	0,00%	0,00	1,20	0,00%	0,00
Subtotal estimación	**7,10%**	**14,40**	**1,13**	**9,54%**	**10,69**
RCD: Natureza pétrea					
1. Area Grava e outros áridos	30,00%	60,85	1,50	50,00%	20,28
2. Formigón	20,00%	40,57	2,50	0,00%	16,23
3. Ladrillos , azulexos e outros cerámicos	12,90%	26,17	1,50	0,00%	17,44
4. Pedra	15,00%	30,42	1,50	100,00%	0,00
Subtotal estimación	**77,90%**	**158,01**	**1,75**	**42,92%**	**53,95**
RCD: Basuras, Potencialmente perigosos e outros					
1. Basuras	15,00%	30,42	0,90	0,00%	33,81
2. Potencialmente perigosos e outros	0,00%	0,00	0,50	0,00%	0,00
Subtotal estimación	**15,00%**	**30,42**	**0,70**	**0,00%**	**33,81**

TOTAL estimación cantidade RCDs	**100,00%**	**202,83**	**1,25**	**29,75%**	**98,45**
	%	Tn (T)	d (T/m³)	R %	Vt (m³)

7. OPERACIÓNS DE XESTIÓN E DESTINO FINAL

A.1.: RCDs Nivel I					
	1. TERRAS E PÉTREOS DA ESCAVACIÓN			**Tratamento**	**Destino**
X	17 05 04	Terras e piedras distintas das especificadas no código 17 05 03		Sin tratamento esp.	Restauración / Vertedoiro
	17 05 06	Lodos de drenaxe distintos dos especificados no código 17 05 05		Sin tratamento esp.	Restauración / Vertedoiro
	17 05 08	Balasto de vías férreas distinto do especificado no código 17 05 07		Sin tratamento esp.	Restauración / Vertedoiro
A.2.: RCDs Nivel II					
	RCD: Natureza non pétrea			**Tratamento**	**Destino**
	1. Asfalto				
X	17 03 02	Mesturas bituminosas distintas das especificadas no código 17 03 01		Reciclado	Planta de reciclaxe RCD
	2. Madeira				
X	17 02 01	Madeira		Reciclado	Xestor autorizado RNPs
	3. Metais				
	17 04 01	Cobre, bronce, latón		Reciclado	Xestor autorizado RNPs
	17 04 02	Aluminio		Reciclado	
	17 04 03	Chumbo			
	17 04 04	Zinc			
X	17 04 05	Ferro e aceiro		Reciclado	
	17 04 06	Estaño			
X	17 04 06	Metais mesturados		Reciclado	
	17 04 11	Cables distintos dos especificados no código 17 04 10		Reciclado	
	4. Papel				
X	20 01 01	Papel e cartón		Reciclado	Xestor autorizado RNPs
	5. Plástico				
X	17 02 03	Plástico		Reciclado	Xestor autorizado RNPs
	6. Vidro				
X	17 02 02	Vidro		Reciclado	Xestor autorizado RNPs
	7. Xeso				
	17 08 02	Materiais de construción a partir de xeso distintos dos especificados no código 17 08 01		Reciclado	Xestor autorizado RNPs
	RCD: Natureza pétrea			**Tratamento**	**Destino**
	1. Area Grava e outros áridos				
X	01 04 08	Residuos de grava e rochas trituradas distintos dos mencionados no código 01 04 07		Reciclado	Planta de reciclaxe RCD
X	01 04 09	Residuos de area e arxilas		Reciclado	Planta de reciclaxe RCD
	2. Formigón				
X	17 01 01	Formigón		Reciclado / Vertedoiro	Planta de reciclaxe RCD
	3. Ladrillos , azulexos e outros cerámicos				
	17 01 02	Ladrillos		Reciclado	Planta de reciclaxe RCD
	17 01 03	Tellas e materiais cerámicos		Reciclado	Planta de reciclaxe RCD
X	17 01 07	Mesturas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos, distintas das especificadas no código 17 01 06		Reciclado / Vertedoiro	Planta de reciclaxe RCD
	4. Pedra				
X	17 09 04	Residuos mesturados de construción e demolición distintos dos especificados nos códigos 17 09 01, 17 09 02 e 17 09 03		Reciclado	
	RCDs: Basuras, Potencialmente perigoso e outros			**Tratamento**	**Destino**
	1. Basuras				
X	20 02 01	Residuos biodegradables		Reciclado / Vertedoiro	Planta de reciclaxe RSU
X	20 03 01	Mesturas de residuos municipais		Reciclado / Vertedoiro	Planta de reciclaxe RSU
	2. Potencialmente perigoso e outros				
	17 01 06	Mesturas, ou fraccións separadas, de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos, que conteñen substancias perigosas		Depósito Seguridad	Xestor autorizado RPs
	17 02 04	Vidro, plástico e madeira que conteñen substancias perigosas ou están contaminadas por elas		tratamento Fco-Qco	
	17 03 01	Mezclas bituminosas que contienen alquitran de hulla		Depósito / tratamento	
	17 03 03	Alcatrán de hulla e produtos alcatranados		Depósito / tratamento	
	17 04 09	Residuos metálicos contaminados con substancias perigosas		tratamento Fco-Qco	
	17 04 10	Cables que conteñen hidrocarburos, alcatrán de hulla e outras substancias perigosas		tratamento Fco-Qco	
	17 06 01	Materiais de illamento que conteñen amianto		Depósito Seguridad	
	17 06 03	Outros materiais de illamento que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas		Depósito Seguridade	
	17 06 05	Materiais de construción que conteñen amianto		Depósito Seguridade	
	17 08 01	Materiais de construción a partir de xeso contaminados con substancias perigosas		tratamento Fco-Qco	
	17 09 01	Residuos de construción e demolición que conteñen mercurio		Depósito Seguridade	
	17 09 02	Residuos de construción e demolición que conteñen PCB (por exemplo, seladores que conteñen PCB, revestimentos de piso a partir de resinas que conteñen PCB, vidros dobres que conteñen PCB, condensadores que conteñen PCB)		Depósito Seguridade	

	17 09 03	Otros residuos de construcción y demolición que contienen SP's	Depósito Seguridade	
	17 06 04	Materiais de illamento distintos dos especificados nos códigos 17 06 01e 17 06 03	Reciclado	Xestor autorizado RNPs
	17 05 03	Terra e pedras que conteñen substancias perigosas	tratamento Fco-Qco	Xestor autorizado RPs
X	17 05 05	Lodos de drenaxe que conteñen substancias perigosas	tratamento Fco-Qco	
	17 05 07	Balasto de vías férreas que contén substancias perigosas	Depósito / tratamento	
	15 02 02	Absorventes contaminados (trapos,…)	Depósito / tratamento	
	13 02 05	Aceites usados (minerais no clorados de motor,…)	Depósito / tratamento	
	16 01 07	Filtros de aceite	Depósito / tratamento	
	20 01 21	Tubos fluorescentes	Depósito / tratamento	
	16 06 04	Pilas alcalinas e salinas	Depósito / tratamento	
	16 06 03	Pilas botón	Depósito / tratamento	
X	15 01 10	Envases vacíos de metal ou plastico contaminado	Depósito / tratamento	
	08 01 11	Sobrantes de pintura ou barnices	Depósito / tratamento	
	14 06 03	Sobrantes de disolventes no haloxenados	Depósito / tratamento	
X	07 07 01	Sobrantes de desencofrantes	Depósito / tratamento	
X	15 01 11	Aerosoles vacios	Depósito / tratamento	
	16 06 01	Baterías de plomo	Depósito / tratamento	
	13 07 03	Hidrocarburos con auga	Depósito / tratamento	
X	17 09 04	RDCs mesturados distintos códigos 17 09 01, 02 e 03	Depósito / tratamento	Restauración / Vertedoiro

8. XESTORES DE RESIDUOS MÁIS PRÓXIMOS

Rodeiro

CONCELLO DE RODEIRO		**P3604700I**	
986 790 009	--	medioambiente@rodeiro.org	
Gavieiras s/n 36530 RODEIRO - PONTEVEDRA			3600080092
XESTOR-ALMACENAMENTO			**SC-I-NP-XA-00179**
R13 - Almacenamento de residuos pendente dalgunha das operacións numeradas do R1 ao R12 (excluído o almacenamento temporal, pendente de recollida, no lugar onde se produciron os residuos)			
Punto Limpo			
XESTOR-ALMACENAMENTO			**SC-RP-P-XA-00134**
R13 - Almacenamento de residuos pendente dalgunha das operacións numeradas do R1 ao R12 (excluído o almacenamento temporal, pendente de recollida, no lugar onde se produciron os residuos)			
Punto Limpo			

CONEJOS GALLEGOS COGAL S COOP LTDA		**F36030518**	
986 790 100	986 790 181	cogal@cogal.net	
Lugar Álceme, s/n 36530 RODEIRO – PONTEVEDRA			3600004321
XESTOR-VALORIZACIÓN			**SC-I-IPPC-XV-00100**
R3 - Reciclaxe/recuperación de substancias orgánicas que non se utilizan como disolventes (incluída a compostaxe e outros procesos de transformación biolóxica)			
Obtención de biogás (biometanización)			
649 441 620	--	induagro@induagro.net	
Lugar O Carballo, Parroquia Álceme 36530 RODEIRO – PONTEVEDRA			3600105237
XESTOR-VALORIZACIÓN			**PO-I-NP-XV-00036**
R10 - Tratamento do solo que produza un beneficio para a agricultura ou unha mellora ecolóxica destes			
986 790 100	--	juan@cogal.net	
Lugar O Couto, Parroquia Rioboo 36530 RODEIRO - PONTEVEDRA			3600105239
XESTOR-VALORIZACIÓN			**PO-I-NP-XV-00035**
R10 - Tratamento do solo que produza un beneficio para a agricultura ou unha mellora ecolóxica destes			

Lalín

NAVICEIRO SL			**B36415818**
--	--	naviceiro@gmail.com	
Lugar de Zarra de Nemesio, polígono 70, parcela 385 36500 LALÍN - PONTEVEDRA			3600111476
XESTOR-VALORIZACIÓN			**SC-I-NP-XV-00282**
R5 - Reciclado ou recuperación doutras materias inorgánicas			

PROCESADORA GALLEGA DE ALIMENTOS SL / GREEN AMBIENTAL SL			**B36209633**
--	--	procesadorag@hotmail.com	
Carretera Lalín Rodeiro km 2,8 36500 LALÍN - PONTEVEDRA			3600021082
XESTOR-ALMACENAMENTO			**SC-I-NP-XA-00009**
R13 - Almacenamento de residuos pendente dalgunha das operacións numeradas do R1 ao R12 (excluído o almacenamento temporal, pendente de recollida, no lugar onde se produciron os residuos)			

SERTEGO			**B83667725**
986 787 517	987 787 536	mlosa@sertego.com	
F, Parc. 5 – Polígono Lalín 2000 36500 LALÍN - PONTEVEDRA			3600051276
XESTOR-ALMACENAMENTO			**SC-I-IPPC-XA-00003**
R13 - Almacenamento de residuos pendente dalgunha das operacións numeradas do R1 ao R12 (excluído o almacenamento temporal, pendente de recollida, no lugar onde se produciron os residuos)			
XESTOR-VALORIZACIÓN			**SC-I-IPPC-XV-00019**
R12 - Intercambio de residuos para sometelos a calquera das operacións enumeradas de R1 a R11. Quedan aquí incluídas operacións previas á valorización, incluido o tratamento previo, previas a calquera das operacións enumeradas de R1 a R11			
XESTOR-ALMACENAMENTO			**SC-RP-IPPC-XA-00001**
R13 - Almacenamento de residuos pendente dalgunha das operacións numeradas do R1 ao R12 (excluído o almacenamento temporal, pendente de recollida, no lugar onde se produciron os residuos)			
XESTOR-ALMACENAMENTO			**SC-RP-IPPC-XA-00021**
D15 - Almacenamento en espera dalgunha das operacións numeradas D1 a D14, excluíndo o almacenamento temporal en espera de recollida no lugar onde se produciron os residuos.			
XESTOR-VALORIZACIÓN			**SC-RP-IPPC-XV-00016**
R5 - Reciclaxe ou recuperación doutros materiais inorgánicos			
XESTOR-VALORIZACIÓN			**SC-RP-IPPC-XV-00038**
R12 - Intercambio de residuos para sometelos a calquera das operacións enumeradas de R1 a R11. Quedan aquí incluídas operacións previas á valorización, incluido o tratamento previo, previas a calquera das operacións enumeradas de R1 a R11			

UTE LALIN SOSTIBLE			**U27746080**
986 223 445	986 432 674	ana.sanchez@geseco.es	
Polígono Industrial Lalín 2000 – Punto limpio 36500 LALIN – PONTEVEDRA			3600048682
XESTOR-ALMACENAMENTO			**SC-I-NP-XA-00193**
R13 - Almacenamento de residuos pendente dalgunha das operacións numeradas do R1 ao R12 (excluído o almacenamento temporal, pendente de recollida, no lugar onde se produciron os residuos)			
Punto Limpo			

UTE LALIN SOSTIBLE	**U27746080**	
XESTOR-VALORIZACIÓN		**SC-RP-P-XA-00142**
R13 - Almacenamento de residuos pendente dalgunha das operacións numeradas do R1 ao R12 (excluído o almacenamento temporal, pendente de recollida, no lugar onde se produciron os residuos)		
Punto Limpo		

Agolada

CANTERAS HERMANOS LÓPEZ SL		**B36218394**	
986 788 281	986 789 905	--	
Explotación Marilina, nº 2658 – MONTE DA COSTA 36520 AGOLADA – PONTEVEDRA			3600025308
XESTOR-VALORIZACIÓN			**SC-I-NP-XV-00255**
R10 - Tratamento do solo que produza un beneficio para a agricultura ou unha mellora ecolóxica destes			
Recuperación de espazos degradados			

9. PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS EN RELACIÓN CO ALMACENAMENTO, MANEXO E SEPARACIÓN

Sobre este punto, 6º punto do apartado a) recóllese: *"Las prescripciones del pliego de prescripciones técnicas particulares del proyecto, en relación con el almacenamiento, manejo, separación y, en su caso, otras operaciones de gestión de los residuos de construcción y demolición dentro de la obra"*.

9.1 Prescricións xerais

Son as que fan referencia ao almacenamento, manexo e, no seu caso, outras operacións de xestión dos residuos de construción e demolición en obra.

9.1.1. *Xestión de residuos de construción e demolición*

Xestión de residuos segundo R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos da construción e demolición.

A identificación realízase con arranxo á Lista Europea de Residuos publicada por Orde MAM/304/2002 do 8 de febreiro e as súas modificacións posteriores.

A segregación, tratamento e xestión de residuos levará a cabo mediante o tratamento correspondente por parte de empresas homologadas.

9.1.2. *Certificación dos medios empregados*

É obrigación do contratista proporcionar á Dirección Facultativa da Obra e ao Promotor, os certificados dos colectores empregados así como dos puntos de vertedura final, ambos os emitidos por entidades autorizadas e homologadas.

9.1.3. *Limpeza das obras*

É obrigación do contratista manter limpas as obras e os seus arredores tanto de cascallos como de materiais sobrantes, retirar as instalacións provisionais que non sexan necesarias, así como executar todos os traballos e adoptar as medidas que sexan apropiadas para que a obra presente bo aspecto.

9.1.4. *Prescripcións específicas*

A continuación, móstrase unha táboa na que se atopan sinaladas as casas correspondentes ás prescricións concretas que son de aplicación nesta obra.

PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A REALIZACIÓN DAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DE RCD NA PROPIA OBRA	
EVACUACIÓN DE RCD´S	
x	Para as derribas: realizaranse actuacións previas tales como apeos, apontoamentos, estruturas auxiliares para as partes ou elementos perigosos, referidos tanto á propia obra como aos edificios lindeiros
x	Sinalizaranse as zonas de recollida de cascallos
x	O conduto de evacuación de cascallos será preferiblemente de material plástico, perfectamente ancorado, debendo contar en cada planta dunha boca de carga dotada de saias
x	O final do conduto deberá quedar sempre por baixo da liña de carga máxima do colector
x	O colector deberá cubrirse sempre cunha lona ou plástico para evitar a propagación do po
x	Durante os traballos de carga de cascallos prohibirase o acceso e permanencia de operarios nas zonas de influencia das máquinas (pas cargadoras, camións, etc...)
x	Nunca os cascallos excederán os peches laterais do receptáculo (colector ou caixa de camión), debéndose cubrir por unha lona ou toldo ou, na súa falta, regaranse para evitar propagación do po no seu desprazamento cara a vertedoiro
x	Como norma xeral, procurarase actuar retirando os elementos contaminados e/ou perigosos tan pronto como sexa posible, así como os elementos para conservar ou valiosos (cerámicos, mármores...).
	Seguidamente actuarase desmontando aquelas partes accesibles das instalacións, carpinterías e demais elementos que o permitan
CARGA E TRANSPORTE	
x	Toda a maquinaria para o movemento e transporte de terras e cascallos (camión volquete, pa cargadora, dumper, etc.), serán manexadas por persoal perfectamente adestrado e cualificado.

PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A REALIZACIÓN DAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DE RCD NA PROPIA OBRA	
x	Nunca se utilizará esta maquinaria por encima das súas posibilidades. Revisaranse e manterán de forma adecuada. Con condicións climatolóxicas adversas extremarase a precaución e limitarase a súa utilización e, en caso necesario, prohibirase o seu uso.
x	Se existen liñas eléctricas eliminaranse ou portegerán para evitar entrar en contacto con elas.
x	Antes de iniciar unha manobra ou movemento imprevisto deberá avisarse cun sinal acústico.
x	Ningún operario deberá permanecer na zona de acción das máquinas e da carga. Soamente os condutores de camión poderán permanecer no interior da cabina se esta dispón de visera de protección.
x	Nunca se excederá a carga máxima dos vehículos nin os laterais de peche.
x	A carga, en caso necesario, asegurarase para que non poida desprenderse durante o transporte
x	Sinalizaranse as zonas de acceso, percorrido e vertedura.
x	O ascenso ou descenso das cabinas se reallizará utilizando os banzos e asideros de que dispoñen as máquinas. Estes manteranse limpos de barro, graxa ou outros elementos que os fagan esvaradíos.
x	En el uso de palas cargadoras, además de las medidas reseñadas se tendrán en cuenta: O desprazamento efectuarase coa culler o máis baixa posible Non se transportarán nin izarán persoas mediante a culler Ao finalizar o traballo a culler debe apoiarse no chan
x	No uso de dumper terase en conta: Estarán dotados de cabina antivolco ou, na súa falta, de barra antivuelco. O condutor usará cinto de seguridade Non se sobrecargará o cubilote de forma que impida a visibilidade nin que a carga sobresaia lateralmente Para transporte de masas, o cubilote terá un sinal de enchido máximo Non se transportarán operarios no dumper, nin moito menos no cubilote En caso de fortes pendentes, o descenso farase marcha atrás
	CARGA E TRANSPORTE
x	Organizarase o tráfico determinando zonas de traballo e vías de circulación
x	Cando nas proximidades dunha escavación existan tendidos eléctricos cos fíos espidos, deberase tomar algunha das seguintes medidas: Desvío da liña Corte da corrente eléctrica Protección da zona mediante apantallados As máquinas e os vehículos quedarán a unha distancia de seguridade determinada en función da carga eléctrica
x	No caso de que a operación de descarga sexa para a formación de terrapléns, será necesario o auxilio dunha persoa experta para evitar que ao achegarse o camión ao bordo do terraplén, este falle ou que o vehículo poida envorcar. Por iso é conveniente a colocación de topes, a unha distancia igual á altura do terraplén e, como mínimo, 2 m.
x	Acoutarase a zona de acción de cada máquina no seu tallo. Cando sexa marcha atrás ou o condutor estea falto de visibilidade, estará auxiliado por outro operario no exterior do vehículo.
x	Na operación de vertedura de materiais con camións, un auxiliar encargarase de dirixir a manobra con obxecto de evitar atropelos a persoas e colisións con outros vehículos
x	Para transportes de terras situadas a niveis inferiores á cota 0, o ancho mínimo da rampla será de 4,5 m., alargándose nas curvas, e os seus pendentes non serán maiores do 12 % ou do 8 %, segundo trátese de tramos rectos ou curvos respectivamente. En calquera caso, terase en conta a maniobrabilidade dos vehículos utilizados
x	Os vehículos de carga, antes de saír á vía pública, contarán cun tramo horizontal de terreo consistente, de lonxitude non menor a vez e media a separación entre eixos, nin inferior a 6 m.
x	As ramplas para o movemento de camións e/ou máquinas conservarán o noiro lateral que esixa o terreo
x	A carga, tanto manual como mecánica, realizarase polos laterais do camión ou pola parte traseira. Se se carga o camión por medios mecánicos, a pa non pasará por encima da cabina.
	ALMACENAMENTO
x	Non se acumularán terreos de escavación xunto ao bordo do baleirado, separándose do mesmo unha distancia igual ou maior a dúas veces a profundidade do baleirado
x	Cando o terreo escavado poida transmitir enfermidades contaxiosas, se desinfectará antes do seu transporte e non poderá utilizarse, neste caso, como terreo de préstamo, debendo o persoal que o manipula, estar equipado adecuadamente
x	As provisións de cada tipo de material formaranse e explotarán de forma que se evite a súa segregación e contaminación, evitándose unha exposición prolongada do material á intemperie, formando as provisións sobre superficies non contaminantes e evitando as mesturas de materiais de distintos tipos
x	Se se prevé a separación de residuos en obra, estes almacenaranse, ata o seu transporte a planta de valorización, en colectores adecuados, debidamente protexidos e sinalizados
x	O responsable de obra adoptará as medidas necesarias para evitar o depósito de residuos alleos á obra
x	O depósito temporal dos cascallos, realizarase ben en sacos industriais iguais ou inferiores a 1m³, contadores metálicos específicos coa localización e condicionado que establezan as ordenanzas municipais. Devandito depósito en provisións, tamén deberá estar en lugares debidamente sinalizados e segregados do resto de residuos.
x	O depósito temporal para RCDs valorizables (madeiras, plásticos, metais, chatarra?) que se realice en colectores ou provisións, deberase sinalizar e segregar do resto de residuos dun modo adecuado.
	ALMACENAMENTO
x	Os colectores deberán estar pintados en cores que destaquen a súa visibilidade, especialmente durante a noite, e contar cunha banda de material reflector de polo menos 15cm ao longo de todo o seu perímetro. Nos mesmos deberá figurar a seguinte información: Razón social, CIF, teléfono do titular do colector / envase e o número de inscrición no rexistro de transportistas de residuos da comunidade autónoma na que se desenvolva o proxecto Esta información tamén deberá quedar reflectida nos sacos industriais e outros medios de contención e almacenaxe de residuos.

PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A REALIZACIÓN DAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DE RCD NA PROPIA OBRA	
x	O responsable da obra á que presta servizo o colector adoptará as medidas necesarias para evitar o depósito de residuos alleos á mesma. Os contadores permanecerán pechados, ou cubertos polo menos, fóra do horario de traballo, para evitar o depósito de residuos alleos á obra á que prestan servizo.
x	No equipo de obra deberán establecerse os medios humanos, técnicos e procedementos para a separación de cada tipo de RCD.
x	Atenderanse os criterios municipais establecidos (ordenanzas, condicións de licenza de obras?), especialmente se obrigan á separación en orixe de determinadas materias obxecto de reciclaxe ou deposición. Neste último caso deberase asegurar por parte do contratista realizar unha avaliación económica das condicións nas que é viable esta operación, tanto polas posibilidades reais de executala como por dispoñer de plantas de reciclaxe ou xestores de RCDs adecuados. A Dirección de Obra será a responsable de tomar a última decisión e da súa xustificación ante as autoridades locais ou autonómicas pertinentes
ALMACENAMENTO	
x	Deberase asegurar na contratación da xestión dos RCDs que o destino final (planta de reciclaxe, vertedoiro, canteira, incineradora?) son centros coa autorización autonómica da Consellería de Medio Ambiente, así mesmo deberase contratar só transportistas ou xestores autorizados pola devandita Consellería e inscritos no rexistro pertinente Levará a cabo un control documental, de modo que os transportistas e xestores de RCD´s deberán achegar as avais de cada retirada e entrega en destino final. Para aqueles RCD´s (terras, pétreos...)que sexan reutilizados noutras obras ou proxectos de restauración, deberase achegar evidencia documental do destino final
x	A xestión tanto documental como operativa dos residuos perigosos que se achen nunha obra de derriba ou de nova planta rexeranse conforme á lexislación nacional e autonómica vixente e aos requisitos das ordenanzas municipais Así mesmo os residuos de carácter urbano xerados nas obras (restos de comidas, envases?) serán xestionados acorde cos preceptos marcados pola lexislación e autoridade municipal correspondente.
x	Para o caso dos residuos con amianto seguiranse os pasos marcados pola Orde MAM/304/2002 do 8 de febreiro pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos para poder consideralos como perigoso ou non perigosos. En calquera caso sempre se cumprirán os preceptos ditados polo RD 108/1991 do 1 de febreiro sobre a prevención e redución da contaminación do medio ambiente producida polo amianto, así como a lexislación laboral respecto diso.
x	Os restos de lavado de canaletas / cubas de formigón serán tratadas como cascallos
x	Evitarase en todo momento a contaminación con produtos tóxicos ou perigosos dos plásticos e restos de madeira para a súa adecuada segregación, así como a contaminación das provisións ou colectores de cascallos con compoñentes perigosos
x	As terras superficiais que poden ter un uso posterior para xardinería ou recuperación dos chans degradados será retirada e almacenada durante o menor tempo posible en caballóns de altura non superior a 2 metros. Evitarase a humidade excesiva, a manipulación e a contaminación con outros materiais.
	Outros (indicar)

10. PRESUPOSTO

No presente estudo inclúese unha valoración do custo previsto da xestión dos residuos de construción e demolición que formará parte do orzamento do proxecto en capítulo independente.

Calcúlase unha estimación dos custes de tratamento dos residuos baseada en prezos de mercado obtidos de distintos xestores autorizados. No caso dos RCD´s, establécese o rango de prezos en función da segregación que se levou a cabo cos residuos, de forma que o tratamento encarécese canto menor sexa o grao de homoxeneidade dos mesmos.

Preséntase a continuación, unha táboa resumen na que se mostran os datos da estimación do custo do tratamento da xestión dos RCD producidos na obra:

ud	*Resumo*	*Medición*	*Prezo*	*Importe*
mes	*Alquiler contenedor RCD 8 m³*	*24*	*95,14*	*2.283,36*
ud	*Cambio/entrega contenedor 50 km*	*6*	*88,92*	*533,52*
m³	*Xestión en centro autorizado de terras e mat. pétreos mixturado*	*3.089,28*	*3,25*	*10.040,16*
m³	*Xestión en centro autorizado de residuos misturados construción*	*44,36*	*17,33*	*768,76*
			TOTAL E.M.	***13.625,80***

PLANO UBICACIÓN DOS XESTORES

RODRIGUEZ PORRAL, FERNANDO

CANTERAS HERMANOS LÓPEZ SL

CONSTRUCCIONES RAFER SL

NAVICEIRO SL

PROCESADORA GALLEGA DE ALIMENTOS SL

CONCELLO DE RODEIRO

LIMPERGAL SL

ARIDOS DO CARNEIRO SDAD COOP GALEGA

P-1

P-2

P-3

P-4

P-5

P-6

P-7

P-8

P-9

P-10

P-11

P-12

P-13

P-14

P-15

P-16

XUNTA DE GALICIA

Cofinanciado pola Unión Europea

Proxecto de Camiños Secundarios e mellora de camiños principais e acceso a predios na ZRP Val de Camba (Rodeiro)

CLAVE

PLANO DE:
XESTIÓN DE RESIDUOS

ESCALAS:
Escala 1:40.000

CONSULTOR:
ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.L.

Enx. Autor do Proxecto
Enxeñeiro Agrónomo
D. Alfredo J. Fdez Conde

DATA:
ABRIL 2025

Nº PLANO:
Anexo 10

Nº FOLLA:
1 de 1

Ref.: A10-Xestion de residuos

A:\10-GIS\MXD\Xestion\Xestion\20250218\20250218_Xestion.mxd - Ver.Por.Current: 3 Autor: J.Pedrosa\A10-Xestion_Gral_Residuos.dwg

ANEXO Nº13

AUTORIZACIÓNS E PERMISOS

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1. INTRODUCCIÓN

Enuméranse no presente anexo os organismos aos que é necesario solicitar as autorizacións e permisos necesarios para a execución do presente Proxecto de: "**PROXECTO DE CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA DE CAMIÑOS PRINCIPAIS E ACCESO A PREDIOS NA ZRP DE VAL DE CAMBA (RODEIRO - PONTEVEDRA).**"

1. **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:**
   - **a) Camiños** C-1-2, C-1-13, C-3-1, C-3-3, C-3-7, C-4-3, C-4-9, C-5-2, C-5-5, C-6-6, C-7-3, C-7-5, C-7-12, S-10-8, S-10-11, S-10-13, S-10-14, S-10-15, S-10-16, CS-1, CS-4, CS-5, CS-6, CS-7, CS-8-1, CS-10, CS-11, CS-13, CS-16, CS-18, CS-19, CS-20, CS-27, ABAN2, ABAN3
   - **b) Acceso a predios**
     - **i. Ramplas**, leiras acordo nº 100, 162, 175, 215, 216, 217, 223, 224, 243, 301, 334, 342, 411, 427, 439, 440, 441, 466, 677, 678, 803, 813, 831, 835, 842, 1114, 1115, 1193, 1195, 1198, 1372, 1373, 1440, 1446, 1448, 1449, 1450, 1451, 1513, 1568, 1576, 1578, 1635, 1641, 1642, 1765
     - **ii. Estendido cordóns de terra vexetal**, leiras nº 77, 162, 169, 180, 218, 328, 347, 360, 404, 430, 527, 535, 596, 680, 814, 1094, 1113, 1331, 1578, 1585
     - **iii. Recheo de corredoiras**, leiras nº 724, 728, 1113
2. **Dirección Xeral de Patrimonio Natural**
3. **Augas de Galicia. Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa**
   a) Autorización de obras ou traballos no dominio público hidráulico e zona de policía de leitos
   - **a) Camiños**

C-1-10	S-10-13	CS-12
C-1-13	S-10-15	CS-13
C-3-7	S-10-16	CS-13-1
C-4-3	S-11-1	CS-20
C-4-9	S-11-5	CS-25
C-5-5	S-11-8	CS-27
C-6-6	S-11-9	CS-28
C-7-5	S-11-13	
C-7-6	S-11-14	
C-7-12	CS-3	
C-8-16	CS-4	
C-9-8	CS-7	
C-9-13	CS-8-1	
S-10-6	CS-9	
S-10-8	CS-10	
S-10-11	CS-11	

   - **b) Acceso a predios**
     - **i. Ramplas**, leiras acordo 102, 103, 110, 120, 159, 162, 175, 309, 366, 466, 489, 499, 546, 632, 673, 677, 694, 747, 750, 756, 765, 766, 778, 803,

813, 879, 884, 885, 894, 896, 898, 899, 911, 913, 914, 944, 945, 983, 984, 989, 1193, 1195, 1239, 1240, 1258, 1274, 1278, 1279, 1280, 1281, 1348, 1349, 1352, 1357, 1358, 1361, 1362, 1372, 1381, 1383, 1404, 1542, 1544,. 1549, 1578, 1620, 1627, 1628, 1630, 1700, 1735, 1768, 1777, 1778, 1801, 1809, 1827, 1837, 1852, 1855.

ii. **Estendido cordóns de terra vexetal**, leiras nº 102, 162, 169, 180, 274, 360, 403, 404, 502, 527, 535, 537, 574, 596, 632, 765, 766, 811, 814, 847, 849, 853, 854, 929, 946, 957, 960, 961, 962, 973, 983, 984, 1002, 1013, 1236, 1237, 1278, 1346, 1385, 1392, 1578, 1585, 1620, 1624, 1625, 1626, 1679, 1792, 1852.

iii. **Recheo de corredoiras**, leiras nº 139, 174, 175, 404, 499, 728, 884, 885, 1544.

4. **Servizo de Vías e Obras da Deputación de Pontevedra:**
   a) **Camiños:** C-1-2, C-4-9, C-9-7, C-9-8, CS-13, ABAN6
   b) **Acceso a predios**
      i. **Ramplas**, leiras acordo nº 184, 254, 278, 301, 309, 316, 466, 499, 1021, 1198.
      ii. **Estendido cordóns de terra vexetal**, leiras nº 458.
      iii. **Recheo de corredoiras**, leiras nº 19, 182, 499.
5. **Servizo de Estradas da Axencia de Infraestruturas da Xunta de Galicia:**
   a) **Camiños:** C-9-13, S-10-14, S-11-1, S-11-9, CS-18, ABAN2.
   b) **Acceso a predios**
      i. **Ramplas**, leiras acordo nº 778, 813, 842, 989, 1239, 1240, 1599, 1620, 1635,1641, 1642, 1654.
      ii. **Estendido cordóns de terra vexetal**, leiras nº 811, 847, 849, 850,962, 1236, 1620, 1671, 1679.
      iii. **Recheo de corredoiras**, leiras nº 1236.

ANEXO Nº14

CUMPRIMENTO DA DÍA

INDICE

1. INTRODUCIÓN

2. LISTA DE CONTROL CONDICIONANTES DA DÍA
   2.1 PROTECCIÓN DO SOLO
   2.2 PROTECCIÓN DAS AUGAS E DOS ELEMENTOS ASOCIADOS
   2.3 XESTION DE RESIDUOS
   2.4 PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E HÁBITATS
   2.5 PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
   2.6 CONDICIÓNS XERAIS
   2.7 PLAN DE SEGUIMENTO E VIXILANCIA AMBIENTAL

1. INTRODUCIÓN

Título do Proxecto: PROXECTO DE CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA DE CAMIÑOS PRINCIPAIS NA ZCP DE VAL DE CAMBA (RODEIRO - PONTEVEDRA).

Parroquias: CAMBA (SAN JUAN A.) CAMBA (SANTA EULALIA P.) FAFIÁN (SANTIAGO P.) RÍO (SANTA MARÍA A.)

Concello: RODEIRO

Provincia: PONTEVEDRA

2. LISTA DE CONTROL CONDICIONANTES DA DÍA

2.1 PROTECCIÓN DO SOLO

Fase de formulación

Movementos de terras:

Definiranse as posibles zonas para o almacenamento de terras, tanto se é para reempregar posteriormente como se é para o seu deposito definitivo. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en canta que, no caso de que existan no contorno ocas procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte a outras zonas, sempre que sexa técnica e economicamente viable e non se atopen naturalizados e integrados no entorno. En ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes identificados no estudo ambiental, nin nas sinaladas polos informes de Augas de Galicia e das Direccións Xerais de Montes e Industrias Forestais, Conservación da Natureza e Patrimonio Cultural, en particular:

- Cursos fluviais con vexetación de ribeira.
- LIC Monte Faro.
- Formacións de matogueiras e carballeiras incluídas na Directiva Hábitat

Se houbese sobrantes procedentes de movementos de terras, previo ó seu depósito nos lugares seleccionados, deberase contar ces correspondentes permisos.

En todo caso e como criterio xeral, primarase sempre o reemprego dos sobrantes de terra.

Os sobrantes dos movementos de terra, se houbese, acopiaranse nos lugares indicados no correspondente permiso.

Rede de camiños:

- No LIC Monte Faro non se poderán abrir pistas de novo trazado, empregando as existentes no momento actual.
- Aproveitaranse ó máximo os antigos camiños, para o trazado das novas pistas.
